


---

# PEC



## Proyecto Educativo de Centro

CEIP Eduardo Ávila Bustillo  
curso académico 2019-2020

## ÍNDICE

### **I) DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO**

1. Nome
2. Titularidade
3. Data de creación
4. Localización e características derivadas
5. Niveis educativos
6. Réxime de permanencia
7. Centro ao que está adscrito
8. Financiamento
9. Actividades extraescolares
10. Persoal
11. Infraestrutura
12. Entorno socioeconómico do centro

### **II) SINAIS DE IDENTIDADE**

1. Linguas do centro
2. Metodoloxía para a aprendizaxe
3. Xestión do centro
4. Lexislación

### **III) OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO**

1. Relativos aos contidos
2. Relativos á opción metodolóxica
3. Relativos ás condutas
4. Ámbito de xestión e participación.
  - a) De proxección interna

b) De proxección externa

#### **IV) ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO**

1. Órganos de goberno unipersoais

2. Órganos de goberno colexiados

Consello Escolar

Claustro de Profesores

3. Órganos de coordinación docente

a) Equipos de ciclo

b) Comisión de coordinación pedagóxica

c) Equipo de normalización e dinamización lingüística

d) Equipo de actividades complementarias e extraescolares

e) Departamento de orientación

4. Outros órganos funcionais

#### **V) REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR**

1. Normas relativas aos profesores/as

2. Normas relativas aos pais/nais

3. Normas relativas aos alumnos/as

4. Normas xerais de convivencia

5. Actuación en caso de accidente ou enfermidade

6. Entradas e saídas

7. Uso de corredores e aseos

#### **VI) ORGANIZACIÓN DE RECURSOS E MEDIOS**

1. Recursos materiais

2. Organización dos espazos

## VII) CONCRECIÓN DO CURRÍCULO DE EDUCACIÓN INFANTIL

## VIII) CONCRECIÓN DO CURRÍCULO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1. Obxectivos xerais da etapa

#### 1. 1. Competencias básicas

1. 2. Relación entre as competencias básicas, obxectivos xerais da etapa e áreas curriculares.

#### 2. Principios metodolóxicos.

### 3. Criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado

#### 3.1. A avaliación

#### 3.2. Criterios de promoción

### 4. Medidas de atención á diversidade

#### 4.1. Adaptacións curriculares

4.2. Medidas de reforzo para o alumnado que as necesite.

#### 4.3. Plan de acción tutorial

5. Criterios para introducir a educación de valores nas distintas materias.

6. Criterios xerais para a elaboración das programacións didácticas

7. Plan de atención ao alumnado que non opte pola ensinanza de relixión

## **IX) PLAN TIC**

## **X) PROXECTO LECTOR**

## **XI) PLAN DE CONVIVENCIA**

## **I) DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO**

### **1) Nome**

A denominación oficial do centro é Centro de Educación Infantil e Primaria Eduardo Ávila Bustillo.

### **2) Titularidade**

É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

### **3) Data de creación**

Novembro de 2019

### **4) Localización e características derivadas**

O C.E.I.P. Eduardo Ávila Bustillo atópase situado na rúa Entrecaldeiras S/N, no concello da Veiga. Polas súas características xeográficas e sociais pode incluírse na categoría de centro rural ao que asisten alumnos que proceden non só do pobo da Veiga, se non de múltiples aldeas dos arredores. O CEIP Eduardo Ávila Bustillo consta dun edificio principal de dúas plantas, sendo a planta inferior a empregada para o desenvolvemento da vida escolar, pois a planta superior está practicamente en ruínas.

Na planta baixa do edificio principal localízanse a sala de mestres/as, a aula de informática e aulas de Educación Infantil e Primaria. Tamén atopamos o despacho de Dirección, dúas bibliotecas (unha que está sen usar a modo de almacén), a aula de Audición e Linguaxe compartida con Relixión, a aula de Plástica, o comedor e un pequeno almacén, así como unha sala de xogos interior. Fóra do centro contamos cun patio con cancha de fútbol e unha pequena área con xogos e tobogáns para os máis pequenos, así coma un areeiro e un invernadoiro.

### **5) Niveis educativos**

- a) Segundo ciclo de Educación Infantil.
- b) Educación Primaria (actualmente 1º, 4º, 5º e 6º curso).

En total, o centro posúe 2 unidades.

## **6) Réxime de permanencia**

Neste momento o ensino impártese en réxime de xornada partida. Hai un servizo de comedor, ao que asisten 17 nenos/as, que é xestionado polo propio centro e actividades extraescolares de 16 a 18 horas, que son xestionadas a través do Concello da Veiga e da ANPA.

## **7) Centro ao que está adscrito.**

O C.E.I.P. Eduardo Ávila Bustillo está adscrito ao I.E.S. Carlos Casares de Viana do Bolo.

## **8) Financiamento**

Trátase dun centro público financiado pola Consellería de Educación.

## **9) Actividades extraescolares**

No centro, ao longo do ano, realízanse diversas actividades culturais e deportivas. Dentro do apartado de actividades culturais, debemos salientar:

a) As saídas para asistir a exposicións, concertos, visitas aos bombeiros, á policía, a museos....

b) A participación en concursos literarios e artísticos organizados por diferentes institucións.

Actividades propostas pola ANPA. Programaranse cada curso e quedarán reflectidas na P.X.A.

*Responsabilidades.* Nas actividades propostas pola ANPA os responsables directos do bo uso das instalacións son os monitores ou monitoras e o profesor/a ou encargado de realizar a actividade extraescolar. Será a Xunta Directiva da ANPA e no seu nome o Presidente/a o que deberá adoptar as medidas oportunas cando se infrinxa algunhas das normas de funcionamento do Centro ou se faga unha mal uso das instalacións ou do seu material.

## **10) Persoal**

Na actualidade hai no centro 3 profesores a tempo completo, 2 itinerantes (Audición e Linguaxe e Relixión) e unha orientadora que comparte horario con outros centros.

### **11) Infraestrutura**

O colexio está situado no ás aforas da vila. O edificio principal é antigo, polo que se fixeron algunhas reformas, aínda que ten bastantes carencias. A parte superior do centro non está coidada, estalle a caer o teito e está moi deteriorada. Cando chove, na aula de Audición e Linguaxe fíltrase a auga e hai unha goteira. O Concello, por medio do Consello Escolar, está informado pero non toma cartas no asunto ao considerar que iso é responsabilidade da Xunta.

O pavillón polideportivo, pola súa contra, é de recente creación e está en moi boas condicións. Ao estar nos terreos do colexio, podemos facer uso del cando sexa necesario. Tamén temos unha sala de xogos interior para os recreos de chuvia.

Para os servizos de comunicación o centro conta con Internet en todas aulas, na sala de profesores e en Dirección.

### **12) Entorno socioeconómico do centro**

O Centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio-baixo, no que na maioría dos casos so traballa un dos proxenitores. Nun principio so había un alumno inmigrante de Colombia, e, ao final de curso, chegaron 4 alumnos/as novos procedentes de Romanía.

## **II) SINAIS DE IDENTIDADE**

O Centro, dado o seu carácter público, réxese polo principio de neutralidade ideolóxica e relixiosa, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutramento, aínda que se declara esencialmente respectuoso coas ideas que sexan compatibles coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Por iso rexeita calquera discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, crenzas, situación económica ou calquera tipo de discapacidade.

Os seus alumnos formaranse para a xustiza, a liberdade, a responsabilidade e a solidariedade.

Este centro aposta pola igualdade de oportunidades e pola educación na igualdade dos sexos.

## **1) Linguas do Centro**

Respectando a lexislación e normativa vixentes, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, pero, para contribuír á normalización lingüística do galego, empregarase esta lingua no plano administrativo e procurarase que sexa esta cada vez máis a lingua ambiental e didáctica no ámbito escolar. En todo caso, procurarase que o alumnado se exprese correctamente nas dúas linguas.

## **2) Metodoloxía para a aprendizaxe**

- a) A labor educativa basearase no respecto mutuo e na comunicación.
- b) Será prioritaria a educación en valores e normas de convivencia que permitan unha incorporación á sociedade democrática.
- c) O profesor, como director do proceso de ensinanza-aprendizaxe, impulsará este proceso cara a unha aprendizaxe lúdica e participativa, que desenvolva as iniciativas e a creatividade dos alumnos.
- d) O proceso de ensinanza-aprendizaxe procurará a adquisición de habilidades culturais básicas, hábitos de traballos e de saúde que fomenten a educación integral do alumno/a.
- e) Fomentarase o coñecemento da vila, da comunidade autónoma e do país, das súas realidades e dos seus problemas, así como o respecto ao medio ambiente.
- f) Prestarase unha especial atención á diversidade, procurando detectar canto antes os problemas de aprendizaxe coa fin de poñer en marcha canto antes as medidas necesarias.



g) Establecerase unha boa coordinación entre as dúas etapas educativas no centro.

i) Entendemos as tarefas para realizar na casa como parte do proceso de ensino-aprendizaxe, de cara a reforzar o aprendido, rematar actividades, levar á práctica o traballado na aula e axudar a crear hábitos de estudo de cara ás etapas posteriores.

j) Os criterios a ter en conta respecto ás tarefas para a casa serán:

- A autonomía do alumno/a para a súa realización.
- A adecuación progresiva segundo o nivel.
- Coordinación do profesorado para dosificar a carga de traballo.
- Flexibilidade na esixencia da súa realización.

### **3) Xestión do Centro**

a) O centro é gobernado polo responsable de centro e o Consello Escolar.

b) A xestión do colexio debe ser participativa e democrática.

c) Impulsaranse os procesos de participación, información, consulta e decisión que impliquen e responsabilicen a asociacións de pais, profesores, alumnos e persoal non docente, de xeito que sexan óptimas as relacións entre os colectivos que constitúen a comunidade escolar. Desta maneira espérase acadar a participación de todos na consecución dos obxectivos comúns e a súa identificación co proxecto educativo.

d) Será un obxectivo permanente dar solidez ás relacións do centro tanto coas administracións educativa e local como coas entidades ou asociacións do entorno.

### **4) Lexislación**

Ó ser un centro de titularidade pública, toda a súa actividade estará rexida pola lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **III) VALORES, OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN**

É un obxectivo primordial deste Centro o desenvolvemento de competencias básicas que permitan a formación integral do alumnado, tanto na súa vertente persoal, coma na social e cultural.

En función deste obxectivo global, establecemos os seguintes obxectivos nos diferentes ámbitos da vida educativa.

#### **Ámbito pedagóxico**

##### **1. Relativos aos contidos.**

- Procurar unha aprendizaxe significativa dos contidos das materias curriculares.
- Desenvolver a capacidade de interrelacionar as distintas materias e aplicar a outras áreas dos coñecementos adquiridos.
- Acadar o dominio da comprensión audiovisual, oral e escrita, incidindo especialmente na ortografía, a claridade, precisión e coherencia na expresión, a lectura comprensiva e crítica, e, a presentación axeitada de traballos e exames.
- Acadar un uso fluído das dúas linguas oficiais.
- Coñecer o medio natural e cultural e promover excursións como fonte de coñecemento e pracer.
- Revisar o contido das distintas materias á luz dunha maior solidariedade entre os sexos e razas.
- Adecuar os instrumentos educativos do centro á realidade científico-técnica da nosa sociedade.

##### **2. Relativos á opción metodolóxica.**

- Proporcionar aos alumnos os instrumentos necesarios para desenvolver a capacidade de observación e de crítica, así como a adquisición de hábitos de traballo.
- Fomentar a creatividade.
- Potenciar o traballo en equipo para conseguir unha actitude solidaria e cooperativa.
- Desenvolver a responsabilidade e o esforzo persoal.
- Desenvolver a capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos a situacións reais.
- Favorecer o debate entre posturas diferentes como instrumento de coñecemento da realidade e como medio para a toma responsable de decisións.
- Estimular o exercicio da reflexión e a análise.
- Impulsar a utilización de métodos didácticos que permiten a participación de todos no desenvolvemento das actividades educativas.
- Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado como do alumnado, unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral; así mesmo, facer da avaliación un instrumento de motivación e autoestima.
- Impulsar a acción titorial individualizada e en grupo como algo esencial na orientación educativa, así como as diversificacións e adaptacións curriculares para aqueles alumnos que precisen delas.

### **3. Relativos ás condutas.**

- Educar aos alumnos e alumnas no respecto ás persoas individuais e os seus dereitos.
- Potenciar un réxime de coeducación no que non se produza ningún tipo de discriminación.
- Educar os alumnos na colaboración crítica e respectuosa coas institucións do Centro.

- Fomentar dentro da aula e do centro os valores da solidariedade fronte aos da competencia.
- Impulsar as normas básicas do diálogo: expresar ideas e escoitar.
- Inculcar os valores de tolerancia como xeradora dunha boa convivencia.
- Evitar comportamentos autoritarios no centro.
- Potenciar o exercicio das normas máis elementais de cortesía.
- Impulsar a toma de conciencia crítica sobre as actitudes sexistas en todos os ámbitos da nosa vida.
- Educar os alumnos e alumnas no respecto ás súas diferenzas e na valoración positiva e enriquecedora da súa variedade.
- Estimular unha convivencia libre de prexuízos persoais e sociais.
- Fomentar o coidado e o respecto dos medios materiais do centro.
- Proporcionar aos alumnos criterios que lles permita valorar un medio natural equilibrado fronte a outro degradado.
- Fomentar o respecto e coidado do ámbito.
- Utilizar a linguaxe de forma non discriminatoria.

#### **4. Ámbito de xestión e participación.**

##### **a) De proxección interna.**

- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.
- Xestionar por consenso os recursos económicos do centro.
- Organizar adecuadamente os espazos do centro.
- Poñer os medios necesarios para que as relacións entre os distintos estamentos que compoñen a comunidade educativa se desenvolvan cun espírito de colaboración.

- Establecer un marco de convivencia baseado nun regulamento de réxime interno que permita a tódolos membros da comunidade escolar facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
- Conseguir que a convivencia no centro estes baseada no diálogo, no respecto e na estima.

#### **b) De proxección externa.**

- Establecer relacións de coordinación, colaboración e intercambio coas institucións docentes e non docentes do ámbito.
- Colaborar coas distintas institucións do municipais, provinciais e autonómicas nos asuntos relacionados coa educación.
- Abrir o centro, cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do entorno.

### **IV) ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO**

O centro precisa dunha organización que posibilite o bo funcionamento e facilite a consecución dos fins e obxectivos xerais que a partir dos nosos sinais de identidade, temos definido e tentamos conseguir.

#### **1) Órganos de goberno unipersoais:**

Responsable de Centro

A elección, competencias, cese e funcionamento deste órgano unipersoal atópanse regulados no Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro, DOG 21 de outubro).

#### **2) Órganos colexiados**

a) Consello Escolar

A composición, elección e renovación do consello escolar, así como as súas comisións e atribucións, están reguladas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio.

Convén, non obstante, lembrar unha serie de aspectos:

As reunións do consello escolar celebraranse, como mínimo, unha vez ó trimestre e sempre que o convoque o responsable de centro ou o solicite, polo menos, un terzo dos seus membros. En todo caso, será preceptiva, ademais, unha reunión a principio do curso e outra ó final do mesmo. O mesmo pode dicirse das súas comisións. Todas estas reunións celebraranse fóra do horario lectivo, en horas nas que tódolos membros poidan asistir, e irán precedidas dunha convocatoria nominal a cada un dos membros, polo menos con 48 horas de antelación, coa orde do día a tratar e achegando, no seu caso, os documentos a debater. Excepcionalmente, e por razóns de urxencia, as comisións poden reunirse durante os recreos, sempre e cando a presenza dos membros e os asuntos a tratar non impidan a asistencia ás clases.

As decisións do pleno e das comisións do consello escolar adoptaranse por maioría simple dos presentes, a excepción dos casos contemplados na lexislación vixente. O presidente dirimirá o empate co seu voto de calidade.

Dentro do consello escolar debe haber dúas comisións que terán a finalidade e a atribución de tramitar e preparar para o pleno os asuntos da súa competencia:

A comisión económica e a comisión de convivencia, que neste caso recaerán sobre os mesmos membros do Consello Escolar.

Terá as seguintes funcións:

- Dinamizar o Plan de Convivencia do Centro.
- Elaborar un informa anual da análise da convivencia.
- Informar periodicamente ao Consello Escolar.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para mellorar a convivencia.

b) Claustro de profesores e profesoras

Debe reunirse, polo menos, unha vez cada trimestre, e ao inicio e ao final do curso. Pode ser convocado, ademais, a petición do responsable de centro. As

reunións celebraranse fóra do horario lectivo e en horas nas que todos os membros poidan asistir, xa que están obrigados a facelo. As convocatorias irán precedidas por unha convocatoria nominal a cada un dos membros, polo menos con 48 horas de antelación, coa orde do día a tratar e cos documentos que se vaian debater.

As decisións nas que se requira votación, tomaranse por maioría simple dos presentes.

### **3) Órganos de coordinación docente:**

- a) Equipos de ciclo
- b) Comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Equipo de dinamización e normalización lingüística.
- d) Equipo de actividades complementarias e extraescolares .
- e) Departamento de orientación
- f) Titores

A composición e competencias do órganos de coordinación docente están recollidas no Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro, DOG 21 de outubro).

#### a) Equipos de ciclo

No caso dun centro de menos de 2 liñas, non temos equipo de ciclo como tal.

As principais competencias dos equipos de ciclo serán a elaboración do proxecto educativo e a programación xeral anual.

#### b) Comisión de coordinación pedagóxica

Esta comisión reunirase como mínimo unha vez ao mes, durante o horario lectivo. Será a dirección a que estableza antes do comezo do curso a hora de reunión, que figurará nos horarios dos membros. Celebrará igualmente unha sesión extraordinaria ao comezo e fin de curso e cantas outras se consideren oportunas a petición dun terzo dos seus compoñentes.

As decisión adoptaranse por maioría simple dos presentes.

Son competencias da CCP establecer as directrices xerais para elaborar os proxectos curriculares e as programacións didácticas dos equipos de ciclo e o plan de acción tutorial.

#### c) Equipo de dinamización e normalización lingüística

A lingua habitual no medio familiar da maioría do alumnado é o castelán, polo que o equipo de normalización debe velar pola implantación cada vez maior do galego.

O equipo de normalización lingüística debe reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre.

#### d) Equipo de actividades complementarias e extraescolares

Este departamento é o órgano encargado de promover e coordinar todas aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

#### e) Departamento de orientación

Este departamento é o órgano encargado de elaborar e coordinar a orientación educativa e profesional dos alumnos e o plan de acción tutorial.

O Departamento de Orientación reunirse, como mínimo, unha vez ó mes; convocará periodicamente aos mestres do centro e fará un seguimento do desenrolo integral do alumnado.

#### f) Tutores

Dentro dos obxectivos do PEC do centro, e obedecendo ás necesidades do novo sistema educativo, aparece recollida a figura do titor como unha peza esencial na orientación dos alumnos.

Funcións do titor/a

a) En relación co alumnado:

- Axudar e asesorar no aprendizaxe do alumno e do grupo e facilitar participación do alumnado no centro.



- Coñecer o rendemento académico, nivel de cohesión e participación do seu grupo. Facer de mediador entre o alumno, o grupo e o centro.
- Coñecer o ambiente familiar e entorno social do tutelado.
- Cubrir a documentación necesaria en relación co grupo.

b) En relación coa familia:

Informar ás familias sobre o rendemento académico, características persoais ou psicolóxicas do alumnado, e solicitar a información necesaria para esclarecer os problemas que se vaian establecendo.

c) En relación co Orientador/a:

- Manter relacións constantes co fin de recibir do Orientador asesoramento e a formación psicopedagóxica adecuadas a súa función titorial.
- Aportar a información demandada polo orientador.

#### **4) Outros órganos funcionais:**

Asociación de pais e nais de alumnos

### **V) REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR**

Regulamento de Réxime Interior debe ser o instrumento que estruture e regule o funcionamento do centro e nos axude a alcanzar os principios educativos que a comunidade escolar considere máis apropiados, tendo en conta as características do centro e do seu entorno.

#### **1. Normas relativas aos profesores/as**

Deberes dos profesores/as:

Consigo mesmo:

- a) Actualizarse e perfeccionarse na súa profesión e investigar os recursos didácticos máis apropiados para o seu traballo escolar.

Co resto do profesorado:

- a) Ser amables, afectivos e manter unha actitude positiva, creando así un ambiente agradable.
- b) Manter unha actitude respectuosa e solidaria na relación co resto do profesorado, tratando de atopar solucións pacíficas aos problemas formulados.
- c) Respetar a dignidade e función non só do profesorado, senón de cantas outras persoas traballen no Centro.
- d) Colaborar coas súas compañeiras e compañeiros e saber compartir con eles e elas.
- e) Respetar a integridade e intimidade das persoas.
- f) Asistir puntualmente a todas as reunións de coordinación, participar activamente nestas e cumprir os acordos alí tomados.
- g) Informar dos acordos tomados nos distintos órganos do Centro.

Co alumnado:

- a) Manter unha actitude respectuosa cara aos alumnos e alumnas, dialogando con eles para solucionar os problemas e crear un ambiente de relación agradable na aula.
- b) Respetar a dignidade e personalidade de cada alumno e alumna, intentar comprendelo/a e axudarlle dando resposta ás súas necesidades educativas.
- c) Recoller toda a información do alumnado que poida contribuír á mellora da súa educación.
- d) Ofrecer diferentes estratexias de aprendizaxe que respondan á diversidade do alumnado presente na aula.
- e) Orientar ao alumnado en todo o seu proceso educativo.
- f) Fomentar a responsabilidade e actitudes de esforzo do alumnado e preocuparse de que cumpran as súas obrigas.

- g) Guiar a formación do grupo de alumnas e alumnos que lle fora encomendado.
- h) Levar o control de asistencia e puntualidade do alumnado.
- i) Desenvolver unha avaliación continua dos alumnos e alumnas.
- j) Proporcionar a axuda e o apoio necesarios para que, en caso de enfermidade prolongada ou accidente, non haxa un detrimento do rendemento escolar da alumna ou alumno.
- k) Procurar que todo o alumnado participe en todas as saídas pedagóxicas.
- l) Atender ao alumnado nos recreos, conforme ao acordado no Claustro.
- m) Orientar actividades complementarias e de tempo libre.

#### Respecto ao Centro:

- a) Participar na elaboración e revisión permanente do PEC, PCC, Plan de Convivencia , Proxecto Lector e Proxecto TIC.
- b) Respetar a liña pedagóxica do Centro establecida no PEC.
- c) Cumprir a Normativa para a Convivencia.
- d) Programar e preparar o traballo escolar para facer posible unha tarefa.
- e) Asistir puntualmente ás clases, ás reunións do Centro e respectar o calendario e o horario laboral.
- f) Cooperar no mantemento da orde e a disciplina dentro do recinto escolar e nas entradas e saídas.
- g) Se por causas xustificadas necesita ausentarse do Centro, deberá comunicalo previamente ao responsable de centro, co fin de que a clase quede atendida, e deixar a ser posible preparadas as actividades a realizar.
- h) Cumprir a quenda de atención no patio.
- i) Participar activa e responsablemente nas reunións dos órganos de participación do Centro.
- j) Respetar e cumprir os acordos tomados nos órganos do Centro.

### Respecto ás familias:

- a) Facer asembleas coas familias, e manter contacto con elas cando as circunstancias educativas ou formativas do alumnado requíranlo.
- b) Informar ás familias da avaliación continua do alumnado a través das entrevistas persoais e dos Informes de Avaliación continua.
- c) Manter unha actitude respectuosa e amable cara ás familias, fomentando a súa participación no centro.
- d) Manter a debida reserva acerca da información que se achega do alumnado e da súa familia.

## **2. Normas relativas aos pais/nais:**

### Dereitos dos pais/nais:

- a) A ser informados de calquera aspecto relacionado coa educación dos seus fillos e fillas.
- b) A procurar que o seu fillo ou filla reciba a educación máis completa posible que o Centro poida proporcionarlle.
- c) A formular ante o profesorado as suxestións que considere oportunas nos horarios previstos ao efecto e a ser atendidos debidamente.
- d) A colaborar no labor educativo do Centro.
- e) A ser electoras e electores, e elixibles conforme establece a lexislación vixente para a representación de nais e pais nos órganos colexiados do Centro.
- f) A participar activamente nos órganos colexiados para os que sexa elixida ou elixido, así como nas Comisións, segundo as súas posibilidades.
- g) A formar asociacións de nais e pais no ámbito educativo, dispoñendo dun espazo para reunirse.
- h) A utilizar as instalacións e equipos do Centro sempre que favorezan o labor educativo.

### Deberes dos pais/nais:

- a) Informarse de calquera aspecto relacionado coa educación dos seus fillos e fillas.
- b) Facilitar e colaborar no cumprimento de deberes dos seus fillos e fillas respecto ao Centro: asistencia, puntualidade, traballo, orde, limpeza...
- c) Participar no tempo libre dos seus fillos e fillas, orientándoos no seu proceso de crecemento persoal.
- d) Fomentar nos seus fillos e fillas o respecto polo colexio, profesorado, compañeiros e compañeiras...
- e) Procurar aos seus fillos e fillas o material e/ou recursos necesarios para que o labor educativo sexa eficiente.
- f) Asistir ao Centro sempre que sexan convocados por calquera membro do equipo docente.
- g) As familias serán as responsables do alumnado fóra do horario escolar.
- h) Facilitar ao profesorado todo tipo de información que poida ser relevante no proceso educativo do seu fillo ou filla.
- i) Xustificar persoalmente ou por escrito, e a ser posible con antelación, as faltas de asistencia, atrasos e saídas en horario escolar dos seus fillos e fillas.
- j) Coñecer o PEC e a Normativa para a Convivencia.
- k) Participar activa e responsablemente nas reunións dos órganos de participación do Centro.
- l) Trasladar os acordos e propostas das asembleas de nais e pais aos órganos colexiados e viceversa.
- m) Participar segundo as súas posibilidades no labor educativo do Centro.
- n) Responsabilizarse do coidado das instalacións e material do Centro que utilicen.

## **Normas de comportamento:**

### En relación co Centro:

- a) Coñecer o Plan de Convivencia do Centro e ter en conta as normas contidas neste.
- b) Asistir ás reunións convocadas polo centro tantas veces sexan requiridos.
- c) Cooperar co centro en todo canto estea relacionado coa educación dos seus fillos/as.
- d) Absterse de interromper as clases e expoñer as opinións co debido respecto.
- e) Non ocupar o patio máis que o tempo imprescindible, evitando obstaculizar os lugares de acceso ao Centro.
- f) Acudir directamente ao titor/a ou á Dirección del Centro en caso dalgún problema relacionado coa marcha do seu fillo/a.

### En relación cos profesores/as:

- a) Non desautorizar a acción dos profesores/ás en presenza dos seus fillos/as.
- b) Informar ao profesorado sobre as posibles situacións dos seus fillos/as (problemas físicos, afectivos, enfermidades, problemas familiares, etc.).
- c) Respetar o labor do profesorado e as súas decisións pedagóxicas.
- d) Xustificar as ausencias dos seus fillos/as ás clases.
- e) Proporcionar aos seus fillos/ás o material necesario para que o labor educativo sexa eficiente.
- f) Informarse da marcha dos seus fillos/ás mediante entrevistas cos profesores/as.
- g) Ter sempre algunha persoa de contacto en caso de ter que avisar á familia de forma imprevista.

### En relación cos fillos/as:

- a) Colaborar na casa co labor educativo exercido sobre os alumnos/as.
- b) Vixiar e completar no fogar a dedicación dos seus fillos/as ao estudio, distribuíndo e coordinando tamén o seu tempo libre e de ocio.
- c) Preocuparse de que os seus fillos/as asistan a clase con puntualidade e co debido aseo.
- d) Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada aos alumnos/as que teñan que ausentarse do Centro durante o horario escolar.
- e) Estimular aos seus fillos/as no respecto ás normas de convivencia no centro.

### **3. Normas relativas aos alumnos/as**

#### Dereitos do alumnado:

- a) A recibir unha educación e un ensino dignas e de calidade, que desenvolvan as súas capacidades como persoa autónoma, respectando a súa personalidade.
- b) A que se respecte a súa dignidade persoal: a que as actividades escolares se acomoden ao seu nivel de maduración e situación sociocultural e a que se lle preste toda a axuda posible.
- c) A non recibir malos tratos físicos, psíquicos e morais, nin sancións humillantes nin outro tipo de castigos que non comporten unha utilidade para el ou ela.
- d) A utilizar o material, instalacións e servizos existentes coas máximas garantías de seguridade, hixiene e calidade.
- e) A coñecer os obxectivos da súa educación e formación, os materiais curriculares e a metodoloxía que se van utilizar, así como os criterios e tempos en que se vai avaliar.
- f) A unha valoración obxectiva do seu rendemento escolar.

g) A que nos casos de accidente ou enfermidade prolongada teña a axuda e medios necesarios para que non supoña detrimento do seu rendemento escolar.

### **Deberes do alumnado:**

#### Consigo mesmo:

- a) Asistir diariamente a clase e respectar os horarios. Xustificar as faltas de asistencia mediante escrito de pai, nai ou titores.
- b) Acudir ao Centro limpos e aseados, coidando o seu aspecto persoal coa vestimenta axeitada e sen complementos, adornos ou prendas de vestir no rostro e/ou na cabeza.
- c) Manter as súas cousas en orde.
- d) Traer todo o material necesario.
- e) Responsabilizarse das súas tarefas propias como estudante.
- f) Seguir as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe.

#### Cos demais:

- a) Ser amables, afectivos e manter unha actitude positiva.
- b) Manter unha actitude respectuosa e solidaria na relación entre compañeiros e compañeiras, tratando de atopar solucións pacíficas aos problemas formulados.
- c) Manter unha actitude respectuosa cos mestres e mestras, dialogando con eles para solucionar os problemas, tanto os propios como os da clase, colaborando sempre que sexa necesario.
- d) Respectar a dignidade e función non só do profesorado, senón de cantas outras persoas traballen no Centro.
- e) Colaborar cos seus compañeiros e compañeiras e saber compartir con eles.
- f) Colaborar no coidado e conservación do medio e do patrimonio cultural.



- g) Respetar a integridade e intimidade das persoas.
- h) Respetar a Normativa para a Convivencia.

#### Respecto ao Centro:

- a) Respetar o edificio, instalacións, mobiliario e material do Centro, cumprindo a normativa de uso referida a eles.
- b) Utilizar os servizos de comedor e actividades ofertadas pola AMPA de acordo coa normativa de funcionamento.
- c) Evitar os xogos ou actividades violentas que perturben a tranquilidade.
- d) No ausentarse do Centro sen autorización escrita da familia ou titor.
- e) Cumprir a Normativa para a Convivencia.

#### **Normas de comportamento:**

##### En relación ao comportamento persoal:

- a) Asistir regular e puntualmente ás actividades docentes.
- b) Acudir ás clases debidamente aseados.
- c) Achegar ás clases os libros e o material escolar que sexa preciso.
- d) Realizar persoalmente as actividades docentes.
- e) Acudir aos servizos hixiánicos só cando sexa verdadeiramente necesario.
- f) Entregar os xustificantes de faltas de asistencia asinados polos pais.
- g) Devolver os Boletíns de Avaliación debidamente asinados polos pais.
- h) Non utilizar nin manipular no centro aparellos electrónicos. Móbil, consolas, MP3... Se algún alumno/a trae algún destes aparellos ao centro, este non se fai responsable do deterioro ou desaparición do mesmo.

##### En relación cos compañeiros/as:

- a) Colaborar cos seus compañeiros/as nas actividades formativas e respectar a súa dignidade individual.
- b) Respetar as pertenzas dos demais.
- c) Non agredir, insultar, nin humillar aos seus compañeiros/ás de colexio, evitando tamén os xogos violentos.
- d) No perturbar a marcha da clase.

En relación cos profesores/as:

- a) Respetar a dignidade e función dos profesores/ás e de cantas persoas traballan no Centro.
- b) Responsabilizarse dos encargos que se lle encomendan.
- c) Realizar as tarefas e actividades que se lle asignen.
- d) Prestarse ao diálogo que permita un intercambio entre todos.

En relación ao Centro:

- a) Respetar o edificio, instalacións, mobiliario e demais material do Centro, transcorrendo polo recinto con orde e compostura.
- b) Coidar de que as clases, corredores, servizos, patios e demais instalacións estean limpas e ordenadas.
- c) En horario lectivo non pode ningún alumno/a ausentarse do colexio se non é acompañado polos seus pais ou persoas autorizadas.
- d) En horario de recreo, os alumnos non poden estar nin nas aulas (salvo que estean con algún profesor) nin nos corredores ou escaleiras.

En relación ao coidado dos Libros de Texto:

- a) Coidado máximo dos seus libros de texto.
- b) Os libros ben forrados dende o primeiro día de clase e non porán o nome no libro.
- c) Entregar os libros ao final de cada curso, na data que se indique, en condicións axeitadas.

d) No deben nin pintar, nin escribir, nin subliñar, nin dobrar, nin poñer adhesivos.

e) As actividades non se fan nos libros, salvo os alumnos/ás do 1º Ciclo de Primaria que teñen obrigatoriamente que facer as actividades nos seus libros.

#### **4. Normas xerais de convivencia:**

A resolución de conflitos e a imposición de sancións en materia de disciplina do alumnado seguirase sempre a normativa vixente.

Non poderán impoñerse sancións contrarias á integridade física e á dignidade do alumno/a.

Na imposición das sancións previstas, respectarase a proporcionalidade coa correspondente falta e deberá contribuír á mellora no proceso educativo do alumno/a.

O incumprimento das normas levará consigo a medida correctora correspondente, tal e como se especifica no Plan de Convivencia.

#### **5. Actuación en caso de accidente ou enfermidade**

Enfermidade. Se o/a alumno/a está enfermo/a non deberá asistir a clase.

Na reunión de principio de curso cada titor/a informará aos/ás pais/nais da importancia que ten para todos que os nenos/as non veñan a clase enfermos.

Se, aínda así detectamos algún neno con febre, mareos, vómitos, dores de calquera tipo ou calquera outro tipo de síntoma, avisarase rapidamente por teléfono aos pais para que veñan a recollelo/a.

En caso de non poder contactar con algún familiar que se poida facer cargo do/a alumno/a, se o caso é leve, permitíremoslle permanecer en clase ata a hora de saída, pero se o caso se considera grave ou formula dúbidas a súa gravidade, chamarase á ambulancia para o seu traslado a un servizo de urxencias. En cada caso determinarase que profesor/a acompañará ao/a alumno/a.

Accidente. Se o accidente é leve, curarase a ferida no centro. Se a ferida reviste máis gravidade ou temos dúbidas sobre esta, primeiro avisarase aos pais, para que se fagan cargo do neno/a. Se non se localiza aos pais, avisarase a unha ambulancia e esta trasladará ao accidentado/a ata un centro médico. Mentres se desenvolve todo este proceso, dende o centro poranse en marcha todos os mecanismos ao noso alcance para localizar aos pais.

Se o caso é tan urxente que non cabe a espera avisarase á ambulancia e ao mesmo tempo aos pais para que acudan directamente ao centro sanitario.

Piollos. Na reunión titorial cos pais/nais informaráselles de que se detectan piollos ou lendias nas cabezas dos seus fillos/as, o comuniquen o máis rapidamente posible ao centro. Se detecta algún/a neno/a con lendias ou piollos, comunicaráselle a situación aos pais/nais.

## **6. Entradas e saídas**

Entradas:

- O alumnado de Infantil fará as filas na porta principal, por diante dos de Primaria.
- Os pais e nais non poderán pasar da porta principal nin interromper o paso das filas.
- O alumnado de Primaria fará a fila a continuación dos de Infantil, a poder ser por cursos.

Saídas:

- O alumnado de Infantil será entregado ao pai/nai ou persoa responsable polo/a titor/a.
- Os pais e nais deben deixar libre a porta de acceso.
- O alumnado de Primaria sairá en orde unha vez que toque o timbre e o profesor/a que teña clase con cada curso a última hora encargarse de controlar a saída.

- Se algún pai/nai ou persoa responsable non está na hora da saída, o alumno/a debe avisar á titora para que se faga cargo e se poña en contacto coa familia, se procede. Ata que o veñan recoller farase cargo del a titora ou o responsable de centro.
- Se pasados vinte minutos non se consegue contactar coa familia, poderase entregar na Garda Civil.

## **7. Uso de corredores e aseos**

Corredores. Durante as horas de clase non deberán permanecer alumnos/as polos corredores.

Aseos. Os aseos utilizaranse preferentemente na hora do recreo, ou en casos excepcionais en que o profesor considere oportuno. Non son lugar de xogo.

No caso de Ed. Infantil, permitirase o acceso cando o alumno/a o necesite.

Os rapaces utilizarán o aseo dos rapaces e as rapazas o das rapazas, quedando prohibido o acceso duns e outras aos aseos de rapazas ós primeiros e dos rapaces as segundas.

Á hora do recreo os profesores/as encargados da vixilancia controlarán que os alumnos/as non entren en grupo aos servizos.

Patios. Os patios utilizaranse nas horas de Educación Física e nas horas de recreo. Tamén se poderán utilizar en casos excepcionais a horas non establecidas no horario cando se considere conveniente a súa utilización.

## **VI) ORGANIZACIÓN DE RECURSOS E MEDIOS**

### **1) Recursos materiais.**

Os recursos materiais inclúen os distintos tipos de recursos, agás os humanos, existentes no centro: aulas, biblioteca, instalacións deportivas, mobiliario, material didáctico en xeral e os medios económicos dispoñíbeis.

O responsable de centro ten as competencias da custodia, mantemento e disposición dos medios ou recursos materiais. É a comisión económica a que

aproba, en primeira instancia, os presupostos e criterios para o uso das instalacións e dos recursos materiais.

O edificio escolar, as súas instalacións, recursos e material teñen unha función de servizo colectivo. Por iso a súa utilización será obxecto da máxima atención por parte da comunidade educativa.

A comunidade social do entorno do centro terá acceso ao uso dos locais e dos recursos en horario non lectivo, cunhas garantías mínimas:

- a) Prioridade do uso por parte do alumnado do centro.
- b) Autorización previa por parte do Consello Escolar.
- c) Esixencia de responsabilidade por posíbel deterioro das instalacións ou medios

Nos danos e avarías que se produzan deliberadamente por algún/a alumno/a, a reparación correrá a cargo dos seus familiares.

Ao comezo de cada curso escolar, o profesor/a -titor/a informará aos seus alumnos/as acerca da necesidade da conservación e limpeza das instalacións e dependencias da aula e do edificio escolar.

Durante os recreos deberán de ser desaloxadas as clases a non ser que os alumnos/as estean acompañados/as do profesor/a que autorizou a estancia nese momento.

## **2) Organización dos espazos.**

### **BIBLIOTECA**

- É un servizo do Centro e para o Centro, podendo ser empregado para actividades extraescolares previa autorización.
- Disporase dun encargado/a de biblioteca, que será profesor/a do centro.

### **Funcións do/a encargado/a da biblioteca**

- Velar polo uso deste servizo.
- Estar presente na biblioteca no horario establecido.

- Arquivar, ordenar, arranxar, dar de alta ou baixa os libros que así o precisen.
- Levar un control de empréstito de libros.
- O empréstito e devolución de libros farase só no horario establecido. Soamente o encargado poderá realizar os empréstitos de libros.
- O prazo máximo do empréstito dun libro será de 15 días, prorrogables, logo de presentación de libro.

### SALA DE INFORMÁTICA

Poderase empregar a sala de informática cando sexa necesario, sempre que un mestre/a vixie o seu uso.

## **VII) CONCRECIÓN DO CURRÍCULO DE INFANTIL**

### **1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O segundo ciclo da Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social. Coñecer e apreciar algunhas das súas características e costumes e participar activamente, de forma gradual, en actividades sociais e culturais do contorno.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Sen perder de vista o anterior, para a elaboración da programación didáctica tivéronse en conta tres aspectos:

- Pedagóxico: A programación está baseada en capacidades, en obxectivos operativos, e en condutas prantexadas como metas finais do proceso.
- Sociolóxico: Para a súa elaboración tivemos en conta as características do contorno. O alumnado do Centro pode ser clasificado como de clase media, aínda que hai bastante diversidade. Hai unha considerable porcentaxe de alumnado inmigrante procedente sobre todo de Sudamérica e dous irmáns de Romanía; pero están plenamente integrados.
- Psicolóxico: Para concretar os contidos e orientacións didácticas tivemos en conta o momento evolutivo do alumando e as características dos grupos.

## **1. CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

Dado o carácter global da etapa, non se pode establecer unha relación directa e unívoca entre cada unha das áreas e as competencias, xa que:

- Unha competencia básica alcánzase a partir das achegas de distintas áreas.
- Cada unha das áreas contribúe, á súa vez, á adquisición de distintas competencias.

### **2.1. Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**



### 1. Autonomía e iniciativa persoal

Esta área persegue entre os seus obxectivos que a nena e o neno consigan un progresivo control motor, un coñecemento de si mesmos e unha autoimaxe positiva, e adquiran as destrezas necesarias para ser cada vez máis autónomos, tendo por iso máis responsabilidade e iniciativa.

### 2. Competencia en comunicación lingüística

Os obxectivos primordiais desta área son a exercitación de habilidades de comunicación oral, o uso da linguaxe como medio para expresar as súas vivencias, opinións, necesidades, sentimentos, emocións... e a participación en diálogos e conversacións, respectando a vez na quenda de palabra e as achegas dos demais.

### 3. Competencia matemática

Nocións como o coñecemento do número de partes que teñen os segmentos do corpo, a resolución de problemas e a ordenación de secuencias da vida cotiá contribúen a desenvolver habilidades relacionadas coa devandita competencia tales como o coñecemento de aspectos cuantitativos, a planificación, a obtención de información e a valoración dos resultados.

Doutra banda, contribúese tamén ao desenvolvemento desta competencia mediante a interpretación e representación da realidade que se realiza ao traballar contidos relacionados coa situación do neno/a no espazo e a súa relación cos obxectos, así como na estimación intuitiva do tempo que realiza a través das rutinas diarias.

### 4. Competencia social e cidadá

Esta área contribúe ao seu desenvolvemento na medida en que o neno/a vai sendo capaz de expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar as alleas, adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros, participar activamente na vida da aula aceptando as normas de convivencia e utilizar o diálogo e a negociación como forma de resolver os conflitos.

### 5. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

Desde esta área o neno e a nena desenvolven as capacidades necesarias para unha adecuada percepción do seu contorno máis próximo, para interactuar, moverse e orientarse nos espazos cotiáns con autonomía e iniciativa persoal, así como para adquirir adecuados hábitos relacionados coa saúde e o consumo como xeradores de benestar individual e colectivo.

#### 6. Tratamento da información e competencia dixital

Guiados polo adulto, os nenos e as nenas irán desenvolvendo, de forma progresiva, a capacidade de tratar e seleccionar a información que reciben cunha actitude crítica e reflexiva, e isto fomenta a súa autonomía persoal.

#### 7. Competencia para aprender a aprender

As actividades que se propoñen nesta área para conseguir o autocoñecemento contribúen a iniciar o desenvolvemento desta competencia.

Na medida en que o neno e a nena van coñecendo as súas propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas) e limitacións, toman conciencia do que poden facer por si mesmos. Deste xeito, van adquirindo confianza en si mesmos e desenvolvendo un sentimento de competencia persoal que favorecerá a motivación e o gusto por aprender, esforzándose por alcanzar novas metas.

#### 8. Competencia cultural e artística

A área contribúe á adquisición desta competencia mediante a utilización dos sentidos en actividades relacionadas coa percepción e apreciación de distintas manifestacións artísticas e culturais (obras de arte, audicións musicais, representacións teatrais, danza...) e as sensacións e sentimentos que estas lles producen.

Tamén o fai mediante o recoñecemento doutras manifestacións propias do seu contorno cultural relacionadas co desenvolvemento da motricidade, tales como os deportes e os xogos tradicionais.

Doutra banda, o debuxo é o modo máis natural de expresión dos nenos e das nenas destas idades. A través del irá desenvolvendo o seu esquema corporal.

## **2.2. Área de coñecemento do contorno**

### **1. Competencia matemática**

Esta área contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática na medida que consegue o desenvolvemento nos nenos e nas nenas da habilidade para interpretar e explicar datos, informacións e argumentacións dentro do seu nivel madurativo. Nos contidos desta área tamén se poñen en xogo elementos matemáticos como números, medidas, símbolos..., así como procesos de razoamento para resolver problemas que se dan na vida cotiá.

### **2. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

Esta área favorece o desenvolvemento desta competencia sempre que permite aos alumnos coñecer o espazo físico en que se desenvolven e a actividade humana que se desenvolve neses espazos. Ademais, na medida en que os nenos coñecen o contorno en que viven, poderán moverse e interactuar con el.

### **3. Competencia social e cidadá**

Esta área contribúe na medida que ofrece aos nenos e ás nenas os medios adecuados para que comprendan e coñezan a realidade social en que viven, sobre todo no referido ao ámbito familiar e escolar. Este coñecemento permitiralles, na medida das súas posibilidades, ser conscientes da pluralidade social.

Ademais, tamén esta área inicia esta competencia potenciando a adquisición de habilidades como saber expresar as propias ideas en distintos contextos e saber escoitar e respectar outros puntos de vista.

Para rematar, na medida que se desenvolven habilidades para participar na vida da aula estanse sentando as bases dunha participación cidadá posterior.

### **4. Autonomía e iniciativa persoal**

A área de coñecemento do contorno contribúe á adquisición desta competencia desenvolvendo no neno e na nena as habilidades e destrezas necesarias para desenvolverse con autonomía nos ambientes que lles son propios, manifestando iniciativa na realización das rutinas e as actividades diarias, o uso responsable dos obxectos e recursos e no coidado do medio, así coma no

cálculo dos riscos que comportan determinadas situacións, actividades ou condutas.

Desde esta área favorécese tamén a participación activa do alumnado na organización da aula e na resolución dos problemas ou as dificultades que poden atopar no xogo e na súa relación cos seus iguais ou cos adultos.

#### 5. Competencia en comunicación lingüística

A área contribúe á adquisición desta competencia a través da utilización de textos (orais e escritos) e de imaxes (viñetas, contos, fotografías, pictogramas, sinais de tráfico...) que permiten aos alumnos comprender, representar e interpretar a realidade, así como expresar as súas propias vivencias.

O adecuado uso das destrezas básicas da linguaxe contribúe tamén ao desenvolvemento equilibrado do neno e da nena a nivel social, permitíndolles crear vínculos cos demais, regular a súa conduta e construír a convivencia.

Ademais, facilita o achegamento a manifestacións culturais propias da súa comunidade a través de contos e textos diversos de literatura infantil.

#### 6. Tratamento da información e competencia dixital

Esta área contribúe ao desenvolvemento desta competencia guiando aos alumnos/as na selección, interpretación e organización da información recibida sobre as calidades e características dos obxectos e outros elementos do medio, natural e social, e no tratamento desta información para agrupalos, clasificalos e ordenalos.

O ordenador e o resto dos medios audiovisuais forman parte da vida diaria dos nenos e as nenas que os manexan, de xeito progresivamente competente, nos ambientes onde se desenvolven habitualmente, como a casa e a escola. De forma natural e a través do xogo, interactúan con eles, manipúlanos, exploran as súas posibilidades e utilízanos como un elemento máis do medio.

#### 7. Competencia para aprender a aprender

Todas as actividades que se propoñen nesta área para desenvolver a capacidade de observación do neno, espertando a súa curiosidade para formularse preguntas sobre o que os rodea e motivándoo na procura das respostas a través da manipulación, a exploración e a experimentación,

contribúen a iniciar os alumnos na utilización destas estratexias de aprendizaxe.

Iníciase ademais aos nenos na dinámica do traballo en equipo que leva a planificación da actividade, a súa organización, a repartición de responsabilidades entre os compoñentes do equipo e a utilización dos recursos e materiais ao seu alcance.

#### 8. Competencia cultural e artística

Desde esta área contribúese ao desenvolvemento inicial desta competencia aproximando os nenos e as nenas ao coñecemento e adecuada valoración das manifestacións artísticas e culturais que forman parte do patrimonio cultural de Galicia e das propias doutros pobos e culturas que están presentes na sociedade dos nosos días.

### **2.3. Área de linguaxes: comunicación e representación**

#### 1. Competencia en comunicación lingüística

Esta área contribúe directamente á adquisición da competencia en comunicación lingüística ao tratar todos os aspectos que a conforman. Esta irase desenvolvendo a través do uso social e funcional dos diferentes contextos comunicativos, onde os nenos e as nenas aprenden a expresar os seus sentimentos, emocións, vivencias e opinións. Doutra banda, achégaselles á interpretación da linguaxe escrita mediante o achegamento aos textos presentes no seu medio próximo.

#### 2. Competencia cultural e artística

Ao abordar contidos que facilitan a expresión mediante distintos códigos artísticos e que responden a diferentes realidades do mundo da arte e da cultura, contribúese ao desenvolvemento desta competencia. Doutra banda, esta área contribúe en tanto que proporciona aos nenos e ás nenas a observación de variadas obras plásticas e musicais o que permite aos alumnos enriquecerse con expresións artísticas de distintas épocas e culturas.

#### 3. Tratamento da información e competencia dixital

A súa contribución baséase no uso da tecnoloxía como ferramenta para acceder á procura, selección e tratamento de información en procesos relacionados coa linguaxe gráfica, sonora e artística. Aínda que, en Educación Infantil, o uso das tecnoloxía debe estar guiado polo adulto que o axudará a valorar criticamente o seu uso e contido.

#### 4. Autonomía e iniciativa persoal

O coñecemento dos elementos formais da linguaxe e o adecuado uso dos convencionalismos e normas sociais que rexen os intercambios lingüísticos favorece o desenvolvemento da autoestima e a confianza en si mesmo, que son básicos para a adquisición desta competencia. Ademais, o adecuado desenvolvemento da linguaxe axuda ao neno e á nena a organizar o seu pensamento e a poñer nome ás súas emocións, o que lles permitirá controlalas progresivamente.

#### 5. Competencia matemática

Contribúe ao desenvolvemento desta competencia ao aplicar de xeito espontáneo os coñecementos matemáticos a situacións comunicativas da vida cotiá: ao describir elementos do seu contorno (tamaño, cantidade, forma...) e a súa situación no espazo, na narración ordenada de vivencias... ou naquelas outras situacións expostas no desenvolvemento das actividades na aula: ao usar algunhas convencións da lingua escrita (linearidade, orientación e organización no espazo), ao clasificar os sons por contraste (longo–curto, forte–suave, agudo–grave), ao utilizar algúns elementos da linguaxe plástica (líña, forma, cor, espazo) ou ao reproducir ritmos sinxelos.

#### 6. Competencia social e cidadá

A área contribúe de xeito fundamental ao comezo desta competencia. O contorno social dos nenos e nenas diversifícase, colocándoos fronte a novas experiencias, ampliando as súas relacións sociais e contribuíndo ao desenvolvemento das habilidades necesarias para saber comunicarse e aprender a convivir nas diferentes situacións. En especial, das habilidades lingüísticas que lles permitirán resolver os conflitos a través do diálogo, expresar adecuadamente as súas ideas e necesidades, escoitar e respectar as dos outros e aprender a traballar en equipo.

## 7. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

Desde as actividades expostas nesta área os alumnos aprenden a facer un uso adecuado da lingua, oral e escrita, como instrumento de comunicación e tamén de aprendizaxe. Deste xeito favorécese a comprensión das calidades e características do medio físico e social e da relación que existe entre eles, e contribúese ao desenvolvemento inicial desta competencia.

## 8. Competencia para aprender a aprender

Desde esta área, o neno e a nena poden iniciarse no desenvolvemento dalgunhas capacidades necesarias para o desenvolvemento desta competencia, de forma que poidan aprender mellor e de xeito progresivamente máis autónomo, como: a comprensión, a expresión, a atención e a memoria.

Ademais, iniciaranse o desenvolvemento daquelas habilidades que lles permitirán transformar unha nova información en coñecemento propio, relacionándoa cos seus coñecementos e experiencias previos, de xeito que poderán despois aplicar este novo coñecemento en situacións parecidas.

### **3.OBXECTIVOS POR NIVEL**

#### **3.1. OBXECTIVOS DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

##### **3.1.1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Adaptarse ás rutinas e os horarios da aula.
- Recoñecer a pertenza a un grupo-clase.
- Adquirir hábitos adecuados para ter ordenada e coidada a aula.
- Desenvolver a autonomía nas actividades cotiás da aula.
- Recoñecer os momentos en que deben lavar as mans.
- Identificar os hábitos de hixiene, alimentación e descanso, necesarios para manter a saúde.
- Recoñecer hábitos para previr arrefriados.
- Identificar a imaxe corporal global.
- Recoñecer características físicas propias e dos compañeiros.

- Recoñecer algúns cambios físicos ligados ao paso do tempo.
- Identificar e valorar as diferenzas e semellanzas entre as persoas en razón do sexo e da idade.
- Expresar necesidades corporais básicas.
- Recoñecer as partes da cara.
- Desenvolver a motricidade global do corpo.
- Identificar e expresar as propias emocións e sentimentos.
- Aceptar progresivamente as regras dos xogos.
- Diferenciar as mans e os pés no propio corpo.
- Discriminar as pezas de roupa que protexen as mans e os pés.
- Identificar e expresar o sentimento de enfado nun mesmo e nos outros.
- Realizar autonomamente hábitos de hixiene antes e despois de usar o aseo.
- Realizar algunhas tarefas da aula de forma autónoma.
- Desenvolver as capacidades de observación, atención e memoria.
- Identificar o órgano correspondente a cada sentido.
- Recoñecer os coidados básicos que se deben ter para protexer a vista.
- Experimentar sabores a través do gusto.
- Seleccionar as pezas de vestir adecuadas ao tempo atmosférico.
- Progresar na adquisición de hábitos adecuados de alimentación.
- Participar en actividades en grupo.
- Comportarse de forma adecuada durante as actividades escolares.

### **3.1.2. COÑECEMENTO DO CONTORNO**

#### **3.1.2.1. MEDIO FÍSICO**

- Identificar a forma circular en obxectos cotiáns.



- Recoñecer o tamaño dos obxectos segundo sexan grandes ou pequenos.
- Identificar o tamaño dos obxectos por comparación.
- Verbalizar o criterio de formación dunha serie.
- Recoñecer o valor dos cuantificadores un e varios.
- Asociar a cantidade e a grafía dos números 1, 2 e 3.
- Recoñecer a pertenza/non pertenza dos obxectos a unha colección.
- Establecer relacións de equivalencia entre coleccións.
- Resolver pequenos problemas a nivel manipulativo (xuntar, repartir...).
- Discriminar a roupa adecuada segundo o tempo atmosférico.
- Coñecer as posibilidades lúdicas de xoguetes e outros obxectos do contorno.
- Diferenciar xogos e xoguetes en función do lugar onde se utilizan.
- Experimentar as calidades dos obxectos.
- Discriminar a forma do cadrado en obxectos do contorno.
- Clasificar obxectos cotiáns con forma cadrada.
- Realizar o trazo dos números 1, 2 e 3.
- Recoñecer a altura de persoas e obxectos por comparación.
- Ordenar as pezas dun crebacabezas para reconstruír unha escena.
- Discriminar a forma do triángulo en obxectos do contorno.
- Clasificar obxectos cotiáns con forma triangular.
- Relacionar os números 1,2 e 3 coa súa cantidade correspondente.
- Recoñecer o criterio de clasificación de distintos elementos para agrupalos.
- Recoñecer se un obxecto está diante/detrás dunha referencia dada.
- Situar pezas de forma correcta para recompoñer unha escena.

### **3.1.2.2. ACHEGAMENTO Á NATUREZA**

- Identificar algúns cambios estacionais do contorno.
- Observar as consecuencias dos cambios do tempo atmosférico na paisaxe e na vida cotiá.
- Identificar as características climáticas do inverno na propia localidade.
- Recoñecer distintos tipos de plantas.
- Identificar paisaxes do campo e da cidade.
- Coñecer o coidado que necesitan as plantas para crecer.
- Identificar algúns alimentos de orixe vexetal.
- Discriminar alimentos segundo sexan doces ou salgados.

### **3.1.2.3. CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE**

- Coñecer os membros da clase.
- Recoñecerse parte integrante dun grupo.
- Coñecer o nome do Centro e algunhas das súas dependencias.
- Recoñecer onde está a propia aula no centro escolar.
- Identificar os espazos que hai na aula.
- Coñecer e aceptar as normas básicas de convivencia na aula.
- Identificar os membros da propia familia.
- Recoñecer as distintas estancias e actividades que se realizan na casa.
- Identificar o mobiliario e obxectos propios dalgunhas estancias da casa.
- Coñecer e valorar distintos modelos de unidade familiar.
- Identificar normas básicas de convivencia e participación familiar.
- Coñecer e respectar as distintas celebracións.
- Identificar os alimentos saudables para realizar un bo almuerzo.
- Participar nas celebracións de Galicia.

- Coñecer e aceptar a existencia de normas que regulan os xogos.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais do contorno.
- Participar en actividades culturais.

### **3.1.3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

#### **3.1.3.1. LINGUAXE VERBAL**

- Adquirir vocabulario referido ao tema da unidade.
- Identificar a linguaxe oral como medio de expresión, comunicación e resolución de conflitos.
- Expresar verbalmente sentimentos, necesidades, ideas e desexos.
- Comprender ordes sinxelas.
- Comprender a historia dun conto.
- Identificar diferentes contos e os personaxes protagonistas.
- Interpretar pictogramas e formular oracións a partir deles.
- Coñecer a funcionalidade do nome propio.
- Adquirir habilidade e coordinación na realización dos trazos propostos.
- Diferenciar entre forma escrita e outras formas de representación gráfica.
- Discriminar o nome propio en distintos lugares.
- Coñecer o uso que teñen os rótulos.
- Coñecer algúns convencionalismos da lingua escrita.
- Respectar as normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra...
- Potenciar actitudes de escoita e aprendizaxe de textos poéticos.
- Ampliar o vocabulario referido ao tema de cada unidade.
- Identificar unha escena significativa dun conto.

- Recoñecer os elementos que aparecen na secuencia dun conto.
- Coñecer e reproducir algúns contos e poemas.
- Iniciarse na lectura de imaxes para obter información.
- Adquirir habilidade e coordinación na realización dos trazos propostos.
- Coñecer e utilizar palabras significativas nunha lingua estranxeira.
- Identificar a linguaxe oral como medio de expresión, comunicación e resolución

de conflitos.

- Expresar verbalmente sentimentos, necesidades, ideas e desexos.
- Comprender ordes sinxelas.
- Contar coas propias palabras o argumento dun conto coñecido.
- Identificar diferentes contos e os personaxes que os protagonizan.
- Identificar o significado de imaxes e logos en espazos públicos.
- Interpretar pictogramas e formular oracións a partir deles.
- Adquirir habilidade e coordinación na realización dos trazos propostos.
- Coñecer algúns convencionalismos da lingua escrita.
- Aprender palabras significativas en lingua estranxeira.
- Respetar as normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra...

### **3.1.3.2. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN**

- Familiarizarse co uso do ordenador.
- Comezar a comprender as instrucións requiridas nun material TIC.
- Utilizar adecuadamente os medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Participar activamente en propostas de actividades que implican o uso do ordenador.

- Utilizar o ordenador como un motivador instrumento de aprendizaxe e familiarizarse co seu manexo.
- Ser quen de entender as instrucións requiridas a través dun material TIC e seguir estas indicacións con precisión.
- Participar activamente nas actividades TIC proporcionadas polo/a mestre/a.

### **3.1.3.3. LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL**

- Adquirir habilidade para utilizar os dedos como útil para pintar.
- Utilizar o punzón e os rotuladores para realizar composicións creativas persoais.
- Coñecer distintos materiais e técnicas para realizar obras plásticas.
- Utilizar as tesoiras para realizar composicións creativas.
- Observar e describir obras de arte.
- Coñecer distintos materiais e técnicas para realizar obras plásticas persoais.
- Discriminar o son do silencio.
- Recoñecer diferentes sons producidos polo corpo.
- Utilizar recursos expresivos da voz e da linguaxe: sons, onomatopeias...
- Reproducir cancións valorando as posibilidades da música como medio de expresión.
- Recoñecer instrumentos musicais de percusión.
- Coñecer e interpretar algunhas cancións.
- Identificar a panxoliña como unha canción de Nadal.
- Exercitar as posibilidades expresivas do corpo.

- Participar en xogos dramáticos e simbólicos.
- Dramatizar situacións da vida cotiá e pequenas obras de teatro.
- Explorar as capacidades expresivas propias para realizar obras plásticas persoais.
- Discriminar e reproducir sons segundo a súa intensidade.
- Adquirir a capacidade de planificar unha acción ante a realización de xogos dramáticos.
- Coñecer e exercitar as posibilidades expresivas do propio corpo
- Exercitar as posibilidades expresivas do corpo.
- Coñecer e reproducir cancións valorando as posibilidades da música como medio de expresión.
- Recoñecer o son dos crócalos e o triángulo.
- Participar en xogos dramáticos e simbólicos.
- Dramatizar situacións da vida cotiá e pequenas obras de teatro.

### **3.2. OBXECTIVOS DE 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

#### **3.2.1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Adaptarse ás rutinas e horarios da aula.
- Identificar a imaxe corporal global.
- Recoñecer as características físicas propias.
- Discriminar entre actividade física e descanso.
- Coñecer as partes da cara nun mesmo e noutros.
- Adquirir hábitos posturais correctos.
- Discriminar obxectos relacionados coa hixiene persoal.
- Identificar os hábitos de hixiene que se deben realizar logo de diversas actividades.

- Relacionar obxectos de hixiene con distintas partes do corpo.
- Recoñecer e adoptar diversas posturas corporais.
- Relacionar as principais partes do corpo coas pezas de vestir.
- Identificar os órganos dos sentidos cos que percibimos os obxectos.
- Utilizar os cinco sentidos para descubrir as calidades dos obxectos.
- Adquirir hábitos de prevención de accidentes no fogar.
- Identificar e expresar adecuadamente os propios estados emocionais.
- Recoñecer e expresar preferencias e gustos persoais.
- Exercitar as destrezas manuais.
- Coñecer e respectar normas de comportamento en distintos espazos.
- Adquirir hábitos adecuados de responsabilidade no coidado dos animais e das plantas.
- Desenvolver as capacidades de observación, atención e memoria.

### **3.2.2. COÑECEMENTO DO CONTORNO**

#### **3.2.2.1. ACHEGAMENTO Á NATUREZA**

- Observar e recoñecer os cambios no medio natural relacionados coas estacións.
- Identificar os cambios do tempo atmosférico.
- Recoñecer a roupa adecuada para cada estación.
- Realizar autonomamente hábitos de coidado e respecto da natureza.
- Coñecer tipos de plantas e algunhas das súas características máis significativas.
- Identificar alimentos de orixe vexetal.
- Identificar a procedencia e transformación dos alimentos.
- Coñecer as necesidades e utilidades das plantas.

- Identificar os beneficios que achegan as plantas na prevención de enfermidades.
- Identificar o proceso de nacemento e desenvolvemento dos seres vivos.
- Discriminar diferentes tipos de animais e plantas.
- Recoñecer a pel dalgúns animais.
- Recoñecer e discriminar alimentos e produtos de orixe animal e vexetal.
- Discriminar distintos tipos de paisaxes.

### **3.2.2.2. CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE**

- Integrarse no grupo escolar.
- Identificar as estancias do colexio e os obxectos que hai nelas.
- Recoñecer os profesionais que traballan no colexio.
- Identificar os obxectos e materiais dos distintos espazos escolares.
- Coñecer e aceptar as normas de funcionamento escolar.
- Coñecer distintas dependencias e obxectos dunha casa.
- Recoñecer semellanzas e diferenzas entre distintos tipos de vivendas dependendo do seu lugar de localización.
- Recoñecer algúns obxectos e accións que entrañan perigo.
- Coñecer a utilidade de distintos elementos da rúa e da casa.
- Identificar aos principais membros que integran a propia familia e as actividades que desempeñan.
- Recoñecer distintos modelos de unidade familiar.
- Coñecer e participar en manifestacións culturais do contorno.
- Profundar no desenvolvemento de hábitos de colaboración, axuda e solidariedade.



### **3.2.2.3. MEDIO FÍSICO**

- Recoñecer o tamaño dos obxectos e clasificalos segundo esa calidade.
- Identificar e trazar o círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.
- Identificar e trazar os números do 1 ao 6.
- Asociar os números coas cantidades correspondentes.
- Diferenciar e aplicar os conceptos «alto» e «baixo» en persoas.
- Establecer relacións lóxicas entre os obxectos.
- Ordenar e secuenciar elementos e escenas atendendo á orde temporal.
- Realizar operacións sinxelas, como comparar, contar e agregar elementos.
- Identificar obxectos cotiáns con distintas formas xeométricas.
- Realizar series e táboas numéricas.
- Identificar, por comparación, a lonxitude dos obxectos.
- Recoñecer a utilidade dos números na vida cotiá.
- Identificar os distintos usos que ten o código numérico.
- Establecer relacións lóxicas entre os obxectos.
- Interpretar unha táboa de dobre entrada con formas xeométricas e números.
- Discriminar posicións respecto dun elemento de referencia.
- Coñecer e utilizar os ordinais 1.º, 2.º e 3.º
- Identificar os cuantificadores algúns/ningún para comparar cantidades.
- Realizar descomposicións numéricas.
- Comparar, relacionar e clasificar elementos atendendo a diferentes criterios.

### **3.2.3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

#### **3.2.3.1. LINGUAXE VERBAL**

- Utilizar adecuadamente o vocabulario temático.
- Adquirir habilidade e coordinación na realización dos trazos propostos.
- Expresar sentimentos, necesidades e emocións mediante a linguaxe oral.
- Coñecer as propiedades rítmicas e lúdicas da linguaxe.
- Utilizar a linguaxe oral para describir obxectos, acontecementos e situacións.
- Coñecer e comprender contos, poemas e adiviñas.
- Recoñecer o propio nome, escrito.
- Coñecer a utilidade dos carteis nos espazos da aula e o colexio.
- Recoñecer elementos clave do argumento dun conto.
- Coñecer e reproducir algúns contos e poemas.
- Comprender ordes e explicacións sinxelas.
- Coñecer distintos portadores de texto.
- Describir obxectos, láminas e situacións.
- Identificar a utilidade dos nomes propios.
- Recoñecer as letras que forman algúns nomes propios.
- Coñecer e utilizar palabras significativas nunha lingua estranxeira.
- Discriminar o número de golpes de voz nunha palabra.

### **3.2.3.2. LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL**

- Utilizar a técnica de punteado para realizar obras plásticas persoais.
- Explorar as posibilidades expresivas da técnica plástica do picado.
- Iniciarse na apreciación artística de obras pictórica.
- Recoñecer e utilizar as cores.
- Afianzar as destrezas necesarias para realizar con precisión obras plásticas.

- Desenvolver a actitude de escoita e atención en audicións musicais.
- Coñecer e interpretar algunhas cancións.
- Discriminar o son do silencio.
- Identificar partes do corpo que producen son.
- Explorar as posibilidades expresivas do corpo.
- Participar en xogos dramáticos e simbólicos.
- Coñecer e reproducir cancións valorando as posibilidades da música como medio de expresión.
- Discriminar e reproducir sons segundo a súa intensidade.
- Participar en xogos en grupo de expresión corporal.
- Dramatizar situacións e acontecementos.
- Expresarse a través de cancións e poemas.

### **3.2.3.3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN**

- Utilizar adecuadamente os medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Adquirir progresiva autonomía na utilización dos elementos tecnolóxicos do Centro escolar.

## **3.3. OBXECTIVOS DE 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

### **3.3.1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Recoñecer as partes da cara que hai a cada lado do eixe de simetría corporal.
- Desenvolver a percepción visual para relacionar unha mesma imaxe presentada desde distintos puntos de vista.

- Identificar as pezas de vestir adecuadas en función das diferentes características climatolóxicas.
- Recoñecer o estado de ánimo que representan distintas imaxes de persoas.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos dos demais
- Recoñecer o lado dereito e o lado esquerdo no propio corpo.
- Identificar as accións correctas que axudan a coidar o medio natural e son respectuosas con el.
- Planificar a acción que se vai a levar a cabo para realizar unha tarefa.
- Controlar as habilidades motrices básicas.
- Desenvolver hábitos de coidados da saúde a través dunha alimentación equilibrada.
- Expresar gustos e preferencias referidos ao aproveitamento do tempo libre.
- Utilizar a percepción visual para completar imaxes segundo un modelo.
- Desenvolver a capacidade de observación e atención.
- Potenciar as destrezas manuais.
- Coñecer e utilizar as normas e convencións sociais na relación cos demais.

### **3.3.2. COÑECEMENTO DO CONTORNO**

#### **3.3.2.1. MEDIO FÍSICO**

1. Asociar as graffías dos números do 1 ao 10 á súa cantidade correspondente.
2. Utilizar e escribir a serie numérica do 0 ao 9.
3. Discriminar cadrado, círculo, triángulo, rectángulo, rombo e óvalo e identificalas na natureza.

4. Aplicar o razoamento lóxico para resolver problemas cotiáns.
5. Secuenciar temporalmente o argumento dun conto.
6. Coñecer e usar de forma intuitiva os diferentes instrumentos de medida do tempo.
7. Situar temporalmente as actividades da vida cotiá.
8. Observar algunhas das modificacións que se producen polo paso do tempo no contorno.
9. Coñecer o valor dalgunhas moedas.
10. Resolver sinxelos problemas de sumas e restas con apoio gráfico.
11. Coñecer e utilizar correctamente os números ordinais do 1.º ao 9.º
12. Aprender a utilizar gráficos para representar cantidades.
13. Aplicar o razoamento lóxico para resolver problemas de sumas e restas.
14. Utilizar de forma contextualizada os primeiros números ordinais.
15. Valorar a utilidade dos números na vida cotiá.
16. Realizar operacións sinxelas como comparar, contar e agregar elementos.
17. Explorar as características dos obxectos: forma, tamaño e medida.
18. Ordenar e colocar as pezas dun crebacabezas.
19. Verbalizar se un elemento está preto ou lonxe dun referente dado.
20. Identificar os corpos xeométricos da esfera e do cubo en elementos da vida cotiá.

### **3.3.2.2 ACHEGAMENTO Á NATUREZA**

- Identificar as características das estacións.
- Recoñecer os cambios que se producen na vida cotiá co transcurso das estacións.
- Recoñecer o planeta Terra e algunha das súas características principais.

- Diferenciar as actividades que se realizan durante o día e durante a noite.
- Observar e recoñecer as fases da Lúa.
- Coñecer a existencia de planetas e o nome dalgúns deles.
- Coñecer as partes principais do corpo dalgúns animais, establecendo semellanzas e diferenzas entre unhas e outras.
- Recoñecer o tipo de alimentación que teñen diferentes especies animais.
- Coñecer as partes fundamentais dunha planta.
- Identificar diferentes tipos de plantas establecendo clasificacións segundo distintos criterios.
- Clasificar alimentos de procedencia animal e vexetal.
- Valorar a importancia dos animais e as plantas para a vida das persoas.
- Identificar os cambios meteorolóxicos do contorno e os cambios de hábitos que se producen como consecuencia deles.
- Descubrir diferentes tipos de paisaxes que hai no mundo e cales son as súas características.
- Coñecer algúns elementos significativos do relevo.
- Recoñecer algunhas fontes de enerxía existentes.
- Observar e describir o tempo meteorolóxico que vai.
- Asociar o tempo meteorolóxico aos símbolos que o representan.
- Observar as consecuencias dos cambios atmosféricos na paisaxe e na vida cotiá.

### **3.3.2.3 CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE**

- Coñecer algúns dos profesionais relacionados co estudo do espazo e do universo.
- Establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas cos demais.
- Interesarse por coñecer outras culturas.
- Recoñecer algúns sinais de identidade cultural propias e do contorno.
- Relacionar actividades de lecer e tempo libre co lugar onde se realizan.
- Participar nas actividades sociais e culturais do contorno.
- Valorar e gozar o tempo libre.
- Identificar máquinas e inventos que existen no noso contorno.
- Recoñecer os cambios producidos nas actividades cotiás grazas á invención de máquinas e aparellos.
- Descubrir os cambios sufridos nalgúns inventos debidos ao paso do tempo.
- Participar en actividades vinculadas a celebracións escolares.
- Describir os cambios que se produciron nas rúas co paso do tempo.
- Coñecer as características das rúas nos ámbitos rurais e urbanos.
- Recoñecer distintos oficios e profesións, e os seus servizos na sociedade.
- Discriminar medios de transporte segundo o lugar polo que se desprazan.
- Valorar a necesidade dos servizos públicos para o bo funcionamento da sociedade.
- Identificar os medios de comunicación e información máis importantes.
- Distinguir algunhas das características principais do funcionamento dos medios de comunicación e información.
- Descubrir o valor das bibliotecas na sociedade.

- Descubrir as características dos programas televisivos dirixidos aos nenos e nenas.
- Recoñecer os hábitos máis adecuados para utilizar os medios de comunicación e información.

### **3.3.2. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

#### **3.3.2.1. LINGUAXE VERBAL**

- Ampliar o seu vocabulario referido aos temas da unidade.
- Identificar en textos palabras significativas dun conto.
- Identificar elementos significativos da escena dun conto.
- Coñecer e reproducir algúns contos, adiviñas e poemas.
- Relacionar antónimos referidos a calidades dos obxectos.
- Comprender e solucionar adiviñas.
- Adquirir habilidade e coordinación na realización dos trazos propostos.
- Ampliar o vocabulario temático: animais e plantas.
- Identificar as imaxes que se corresponden co inicio e o final dun conto.
- Describir personaxes e elementos significativos dun conto.
- Recoñecer e valorar as propiedades rítmicas da linguaxe.
- Contar coas propias palabras a historia dun conto.
- Adquirir coordinación e habilidade nos trazos previos ao proceso da escritura de números, formas e letras.
- Coñecer as posibilidades da linguaxe escrita para comunicar ideas e sentimentos.
- Resumir o argumento dun conto.
- Comprender poesías e textos literarios.



- Coñecer o emprego adecuado do número nas palabras (singular e plural).
- Escribir palabras e frases sinxelas.
- Utilizar a expresión oral e escrita para compartir sentimentos e preferencias.
- Coidar a pronuncia e a entoación nas mensaxes orais.
- Interpretar as secuencias dun conto.
- Respetar a vez na quenda de palabra en conversacións colectivas.
- Aprender vocabulario significativo en inglés.
- Empregar formulas de cortesía en inglés
- Interpretar e memorizar cancións e xogos musicais en inglés.

### **3.3.2.2. LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL**

- Utilizar as capacidades expresivas propias para realizar obras plásticas persoais.
- Facer composicións plásticas persoais utilizando combinación de técnicas e materiais.
- Coñecer e reproducir cancións, valorando as posibilidades da música como medio de expresión.
- Discriminar e clasificar sons do contorno segundo a súa altura.
- Interpretar e memorizar cancións e xogos musicais.
- Participar en xogos en grupo de contido corporal.
- Dramatizar situacións e acontecementos.
- Coñecer e reproducir cancións, valorando as posibilidades da música como medio

de expresión.

- Gozar e interpretar o sentimento que produce unha audición musical.
- Crear coreografías seguindo o ritmo da música.
- Interpretar pequenas obras de teatro.
- Desenvolver a actitude de escoita e atención nas audicións musicais.
- Discriminar o son dalgúns instrumentos musicais de corda.
- Participar en xogos de interacción social, dramáticos e simbólicos.
- Experimentar con xestos e movementos para expresarse e comunicarse cos demais.

### **3.3.2.3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN**

- Coñecer e practicar as normas básicas do funcionamento do ordenador e diferenciar os seus principais compoñentes.
- Achegarse aos materiais TIC con curiosidade e motivación.
- Ser capaz de entender as instrucións requiridas a través dun material TIC e seguilas con precisión.
- Participar activamente nas actividades TIC proporcionadas pola mestra ou polo mestre.
- Entender as instrucións requiridas a través dun material TIC e seguilas con precisión.

## **4. SECUENCIA DE CONTIDOS**

### **4.1. CONTIDOS DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

#### **4.1.1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- A imaxe corporal global.
- Características propias e dos compañeiros/as.

- Cambios físicos ligados ao paso do tempo.
- Partes da cara.
- Necesidades corporais básicas: hixiene, alimentación e descanso.
- Hábitos relacionados co coidado da aula e coa convivencia nesta.
- Hábitos de hixiene relacionados coa saúde.
- Os sentimentos de alegría, tristeza, enfado...
- Prevención de arrefriados.
- Partes do corpo: mans e pés.
- Pezas de roupa que protexen as mans e os pés.
- Hábitos e obxectos de hixiene persoal.
- Hábitos de orde e coidado da clase.
- Crebacabezas e actividades de discriminación visual de elementos.
- Os sentidos.
- A alimentación e o coidado da saúde.
- As pezas de vestir.
- Hábitos de comportamento na aula.
- Interese por participar en xogos.

#### **4.1.2. COÑECEMENTO DO CONTORNO**

##### **4.1.2.1. MEDIO FÍSICO**

- O círculo o cadrado e o triángulo..
- Series lóxicas de cor.
- Tamaños dos obxectos: grande/pequeno.
- Cuantificadores: un/varios.
- Identificación de obxectos iguais.
- Relacións de equivalencia.

- Interese por coñecer os números e a súa utilidade.
- Curiosidade por coñecer a linguaxe matemática.
- Interese por coñecer calidades dos obxectos.
- Roupa adecuada segundo o tempo atmosférico.
- Xogos e xoguetes.
- Liso/rugoso.
- Alto/baixo.
- Organización espacial: crebacabezas.
- Os números 1, 2 e 3: asociación número/cantidade.
- Razoamento lóxico: clasificación de elementos segundo a súa cor.
- Diante/detrás.

#### **4.1.2.2. ACHEGAMENTO Á NATUREZA**

- Curiosidade por coñecer os cambios e transformacións do medio en relación co paso das estacións.
- Discriminación dalgunhas características do outono no contorno.
- O inverno: características climáticas na propia localidade.
- Tipos de plantas.
- O coidado das plantas.
- Alimentos de orixe vexetal.
- Alimentos doces e salgados.
- A primavera.

#### **4.1.2.3. CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE**

- Obxectos relacionados coa hixiene e o aseo diario.

- Espazos máis habituais do centro: a aula e a zona de recreo.
- A aula: espazos significativos.
- Os membros da clase: profesorado e compañeiros.
- Os espazos, obxectos e materiais da aula.
- A familia.
- Modelos de unidade familiar.
- O magosto.
- A casa: estancias e actividades.
- Mobiliario e obxectos da casa: uso e situación.
- O Nadal: elementos e personaxes característicos.
- Normas básicas de convivencia do grupo-clase.
- Día da Paz.
- O entroido.
- Recoñecer distintos tipos de xogos e as súas características.
- Actividades culturais: o día do libro.

### **4.1.3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

#### **4.1.3.1. LINGUAXE VERBAL**

- Vocabulario temático sobre o colexio, o corpo, a casa, a familia, os alimentos e o Nadal.
- Contos: Xa non choro!, Que sono! e Mexo por min!
- Textos orais: poemas e adiviñas.
- Trazos horizontais, verticais e inclinados.
- Expresión de sentimentos e necesidades.

- O nome propio.
- Os rótulos no contorno.
- Pictogramas.
- Convencionalismos da lingua escrita.
- Vocabulario temático: xogos e xoguetes.
- Contos: O oso de Mica, Garavanciño.
- Lectura de imaxes.
- Trazo circular.
- Inglés: hand, foot.
- Vocabulario temático sobre as plantas.
- Contos: O tulipán durmido e Os tres porquiños.
- Textos orais: poemas, refráns e adiviñas.
- Trazo semicircular.
- Expresión de sentimentos e necesidades.
- Imaxes e logos do contorno.
- Vocabulario en inglés: mouth, eyes.
- Convencionalismos da lingua escrita.

#### **4.1.3.2. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN**

- Contos animados.
- Galerías de imaxes.
- Memorys.
- Uso dos medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Valoración do ordenador e outros instrumentos tecnolóxicos como medios para o gozo e a aprendizaxe.

#### **4.1.3.3. LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL**

- Técnicas plásticas: dactilopintura, estampación de pegadas e coloreado.
- Obra de arte: A infanta María Teresea de España, de D. Velázquez.
- Cancións: Mica e os seus amigos. Chegamos ao cole. Pipí, caca, pipí. Róxenme as tripas. Hoxe o cole rematou. Que temos na cara? O meu oso de trapo. Naceu un Meniño.
- Fragmento musical: Gymnopédie n.º 1, de Trois Gymnopédies, de E. Satie.
- Sons producidos co corpo.
- Instrumentos de percusión.
- Canción Vai frío.
- Técnicas plásticas: picado e debuxo con rotuladores.
- Sons fortes/frouxos.
- Obra de arte: Os paraugas, de Renoir.
- Conto O oso de Mica: dramatización de distintas situacións.
- Propiedades expresivas do propio corpo.
- Técnicas plásticas: recortado e apegado.
- Obra de arte: Cerva, da cova de Altamira.
- Instrumentos de percusión: crócalos e triángulo.
- Interese e gozo coas actividades baseadas na linguaxe corporal.
- Participación en actividades de xogo dramático e simbólico.

#### **4.2. CONTIDOS DE 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

##### **4.2.1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Identificación da imaxe corporal.
- Características físicas propias: sexo e cor de pelo.

- Aceptación da propia identidade, das súas posibilidades e limitacións.
- Valoración da existencia das diferenzas e semellanzas entre as persoas como un feito positivo e enriquecedor.
- Discriminación dos cambios no corpo en repouso e en actividade física.
- Hábitos posturais correctos.
- Iniciativa na realización dos hábitos de hixiene.
- Gusto por un aspecto persoal coidado.
- Expresión de sentimentos e emocións persoais ante distintas situacións.
- Discriminación das principais partes do corpo.
- Identificación de hábitos saudables de hixiene.
- Os sentidos: utilización e órganos.
- Interese por coñecer e explorar os sentidos corporais e coñecer a información que transmiten.
- Identificación de situacións e actos que comporten risco de accidente.
- Valoración da importancia da prevención de accidentes domésticos.
- Posicións: de fronte/de costas.
- Hábitos de responsabilidade no coidado dos animais e das plantas.
- Partes do corpo.
- Desenvolver as capacidades de observación, atención e memoria.
- Hábitos de cooperación, axuda e solidariedade.
- Sensacións percibidas polos sentidos: suave/áspero.
- Necesidades básicas do corpo: quentarse e abrigarse.
- Extremidades superiores do corpo: brazos e mans.
- Os ósos.
- Hábitos de comportamento relacionados co xogo.



## **4.2.2. COÑECEMENTO DO CONTORNO**

### **4.2.2.1. ACHEGAMENTO Á NATUREZA**

- Curiosidade por coñecer os cambios e transformacións máis rechamantes do medio en relación co paso das estacións.
- Observación dos fenómenos do medio natural: chuvia, vento...
- Discriminación dalgunhas características das estacións no contorno.
- Discriminación da roupa máis adecuada segundo as características do clima nas estacións.
- Proceso de nacemento e desenvolvemento dos seres vivos.
- Os animais e as plantas: características.
- Modos de desprazamento dos animais.
- Tipo de pel dos animais.
- Alimentos e produtos de orixe animal e de orixe vexetal.
- Máquinas e aparellos: funcionamento e utilidade.
- Calidades táctiles dos obxectos.
- Reciclaxe e reutilización de materiais para construír xoguetes.

### **4.2.2.2. CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE**

- Identificación dos membros da clase.
- Interese por establecer relacións afectivas cos membros da clase.
- Identificación dalgunhas dependencias do colexio asociándoas aos obxectos e actividades que se realizan nelas.
- Os profesionais da escola.
- Interese por coñecer e manipular os obxectos e materiais da aula.
- Valoración da orde e a limpeza na aula.
- Apreciación do diálogo como medio para resolver os conflitos e establecer colectivamente normas de comportamento.

- Tipos de casas e dependencias.
- Asociación de obxectos da casa coas dependencias correspondentes.
- Establecemento de semellanzas e diferenzas entre distintos tipos de casas dependendo da súa localización.
- Identificación de obxectos perigosos do contorno.
- Diferenciación de elementos da casa e da rúa.
- Identificación dos compoñentes da unidade familiar.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia.
- Respecto cara aos distintos modelos de unidade familiar.
- Identificación e respecto de normas básicas de convivencia familiar.
- Normas de convivencia.
- Os artesáns e os seus produtos.

#### **4.2.2.3. MEDIO FÍSICO**

- Calidades dos obxectos: tamaño e altura.
- Identificación e trazado do círculo, triángulo, rectángulo e o cadrado.
- Identificación e trazado dos números do 1 ao 6.
- Os números do 1 ao 6: asociación número/cantidade.
- Secuencias temporais.
- Interese por explorar, medir e comparar os obxectos.
- Valoración da importancia dos números na vida cotiá.
- O código numérico.
- Realización de series lóxicas.
- A lonxitude dos obxectos: longo/curto.
- Clasificación e reconto de elementos.

- Curiosidade por coñecer a linguaxe matemática.
- Diante/detrás, enriba/debaixo, ao carón/alén.
- Ordinais: 1.º, 2.º, e 3.º
- O número 0.
- Cuantificadores: algúns/ningún.
- Serie numérica do 1 ao 6.
- Descomposición numérica.

### **4.2.3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

#### **4.2.3. 1. LINGUAXE VERBAL**

- Utilización progresiva do vocabulario relacionado cos espazos do colexio.
- Contos: Onde está Rato?, Polgariño, Unha casa con rodas, A casiña de chocolate, Un rico pastel , A cabriña e a pereira, Maxia potaxia e O soldadiño de chumbo.
- Realización dos trazos semicirculares e en cruz.
- O nome propio.
- escoita e comprensión de contos, poemas e adiviñas.
- Identificación dos personaxes dun conto.
- Valoración da linguaxe oral como medio para comunicar sentimentos, necesidades e desexos persoais.
- Formación de frases utilizando o vocabulario, estrutura lingüística e entoación adecuadas.
- Recoñecemento do propio nome escrito e identificación da súa funcionalidade.
- Valoración da utilidade dos carteis na aula e no colexio.

- Uso progresivo do vocabulario relacionado coas casas e as vivendas.
- Observación e descrición de escenas e personaxes pertencentes a un conto.
- Realización do trazo semicircular e as combinacións de trazos horizontais e verticais.
- Comprensión das intencións comunicativas de adultos e doutros nenos en situacións da vida cotiá.
- Descrición de obxectos, láminas e situacións.
- Interese por desenvolver habilidades previas á escritura.
- Xéneros textuais: listaxe, adiviñas.
- Trazos: .
- Vocabulario temático: a familia, os amigos, a vivenda, xogos e xoguetes, os animais, as plantas...
- Número de golpes de voz nunha palabra.
- Palabras e expresións significativas en inglés.
- Formas socialmente establecidas para iniciar, manter e terminar unha conversación.

#### **4.2.3. 2. LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL**

- Familiarización coas técnicas plásticas de punteado, picado.
- Cancións variadas: O caramelo, A merenda, Conto dos ananiños.
- Interese por explorar e coñecer as propias capacidades expresivas.
- Respecto polas producións dos compañeiros.
- Coidado do material da aula e participación na limpeza e recollida deste.
- Interese e gusto por escoitar e aprender cancións.
- Discriminación de son/silencio.

- As cores.
- Exploración das calidades sonoras do corpo.
- Participación en actividades de xogo dramático e simbólico.
- Interese e gozo coas actividades baseadas na linguaxe corporal.
- Manipulación de distintos materiais para crear obras persoais.
- Discriminación de sons fortes e frouxos.
- Apreciación das posibilidades da música como medio de expresión.
- Participación e gozo en actividades de dramatización e xogos en grupo de expresión corporal.
- Fragmentos musicais clásicos: Polca Tritsch–tratsch, de J. Strauss.
- Grafismos.
- Propiedades do son: sons agudos/graves.
- Xogos de dramatización.

### **4.2.3. 3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN**

- Uso do reprodutor de música.
- Uso dos medios audiovisuais e tecnolóxicos do contorno escolar.
- Procura de información utilizando distintos recursos tecnolóxicos.
- Valoración do ordenador e outros instrumentos tecnolóxicos como medios para o gozo e a aprendizaxe.
- Participar activamente nas actividades da aula que implican o uso do ordenador e o CD TIC.

## **4.3. CONTIDOS DE 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

### **4.3.1.COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- O esquema corporal.
- Xogos psicomotores.
- Pezas de vestir.
- Normas básicas de seguridade viaria.
- O esquema corporal: dereita/esquerda.
- Gustos e preferencias.
- Hábitos de iniciativa e esforzo.
- Os sentidos: a vista, o tacto.
- Enfermidades comúns: síntomas e prevención.
- Eixe de simetría corporal.
- Roupas adecuadas para cada estación.
- Valoración da importancia de manter hábitos de coidado da roupa e do material da aula.
- Partes da cara: simetría.
- Posturas: sentado, deitado, de pé e sentado.
- De fronte/de costas.
- Sentimentos e emocións.
- Hábitos de respecto e axuda.
- O coidado do contorno.
- Hábitos de saúde: a dieta equilibrada.
- Valoración da importancia de manter hábitos de comportamento adecuados.
- Control das habilidades motrices básicas: saltos, carreira e lanzamentos.
- Percepción visual.
- Realización de xogos diversos para a exercitación de destrezas manuais.

- Iniciativa e autonomía nas tarefas diarias, no xogo e na resolución de pequenos problemas da vida cotiá.

#### **4.3.2. COÑECEMENTO DO CONTORNO**

##### **4.3.2.1. MEDIO FÍSICO**

- cadrado, o círculo, o triángulo, o rectángulo, o óvalo e o rombo.
- Os números do 0 ao 9.
- Descomposición de números.
- Razoamento lóxico: series e secuencias.
- A semana.
- Medida: largo/estreito.
- Cuantificadores: máis/menos ca.
- Secuencias temporais.
- Esquerda/dereita.
- Medidas naturais: o pé, a man e o paso.
- Crebacabezas.
- Interese e curiosidade polos instrumentos de medida.
- Corpos xeométricos: esfera e cubo.
- A serie numérica.
- Operacións matemáticas: sumas.
- Nocións topolóxicas: preto/lonxe.
- Os números ordinais do 1.º ao 9.º
- Gráficos matemáticos.
- Problemas de sumas.
- A utilidade dos números cardinais e ordinais.
- número 10: asociación número/cantidade.

- Escritura do número 10.
- Instrumento de medida do tempo: o reloxo.
- Operacións matemáticas: sumas e restas.

#### **4.3.2.2. ACHEGAMENTO Á NATUREZA**

- tempo meteorolóxico.
- Fontes de enerxía.
- inverno.
- Interese por coñecer as características máis importantes do outono en Galicia e comparar coas doutros lugares.
- Describir os cambios que se produciron nas rúas co paso do tempo.
- Coñecer as características das rúas nos ámbitos rurais e urbanos.
- Recoñecer distintos oficios e profesións, e os seus servizos na sociedade.
- Discriminar medios de transporte segundo o lugar polo que se desprazan.
- Valorar a necesidade dos servizos públicos para o bo funcionamento da sociedade.
- Coñecer e participar nas celebracións e festas propias da tradición cultural.
- Fenómenos atmosféricos.
- A Terra.
- día e a noite.
- Os planetas.
- A primavera.
- Os animais: partes do corpo e alimentación.
- As plantas: tipos e características.



- Alimentos vexetais e animais.
- Características do verán no contorno.
- Paisaxes do mundo.

#### **4.3.2.3. CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE**

- Máquinas e inventos do pasado e do presente.
- Día da Paz.
- Valoración positiva dos avances nas máquinas do contorno para a vida cotiá.
- A rúa.
- Oficios e profesións.
- Servizos públicos.
- Medios de transporte.
- Entroido.
- Medios de comunicación e información: a televisión, a radio e o xornal.
- Oficios e profesións relacionados cos medios de comunicación e información.
- A biblioteca.
- Universo: profesionais que traballan no seu estudo.
- Disposición favorable para relacionarse con nenos e nenas doutras culturas.
- Participación en actividades do contorno.
- Lecer e tempo libre: actividades e lugares.
- Costumes e tradicións do contorno.

#### **4.3.3. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

##### **4.3.3.1. LINGUAXE VERBAL**

- Vocabulario temático: inventos e máquinas.
- Contos: Don Inventos e As zapatillas vermellas.
- Rimas de palabras.
- Trazos: bucle.
- Descrición de obxectos, láminas, escenas e personaxes.
- Vocabulario temático: os oficios.
- Contos: Quen vén hoxe? e Os trasnos zapateiros.
- Familia de palabras.
- Trazo semicircular.
- Normas de comunicación.
- Vocabulario temático: os medios de comunicación.
- Contos: Mono reporteiro e O pastorciño e o lobo.
- As noticias do xornal.
- Trazos combinados.
- Vocabulario en inglés.
- Coidado e valoración dos libros como instrumentos de comunicación e información.
- Vocabulario temático: o universo.
- Contos: Unha viaxe á Lúa e O campesiño e o trasno.
- Antónimos.
- Xéneros textuais: adiviñas e poesía.
- Combinación de trazos semicirculares e verticais.
- Valoración da linguaxe como medio para comunicar sentimentos, experiencias e desexos persoais.
- Interese pola poesía e o conto como formas de expresión.
- Vocabulario temático: animais e plantas.
- Contos: Imos á selva! e Fábula do león e o rato.

- Sopa de letras.
- Curiosidade polo argumento dos contos e as narracións que se len.
- Vocabulario temático: vacacións.
- Asociación de palabras co seu significado.
- Contos: Deica logo, Mica! e Os músicos de Bremen.
- O número das palabras: singular e plural.
- Expresión oral e escrita de ideas e coñecementos.
- Iniciativa e interese por participar nas situacións de comunicación na aula.
- Verbalización da secuencia dun conto.
- Establecemento de relacións entre o contido dun texto e a ilustración.

#### **4.3.3.2. LINGUAXES ARTÍSTICAS: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL**

- Obra de arte: Autorretrato, de T. de Lempicka.
- Canción: Visita ao doutor.
- Duración dos sons: longos/curtos.
- Intensidade dos sons: suaves/curtos.
- Coidado e respecto polo material plástico.
- Apreciación das posibilidades da música como medio de expresión.
- Participación e gozo en actividades de dramatización e xogos en grupo.
- Interese por utilizar as propias posibilidades expresivas.
- Técnicas plásticas: recorte e debuxo con ceras.
- Canción: Disfraces para todos.
- Fragmento musical: Danza do fogo fatuo, de M. de Falla.
- Instrumentos musicais de vento.
- Coidado e respecto polo material plástico.
- Canción: A sardiña.

- Fragmento musical: Danza do fogo fatuo, de M. de Falla.
- Obra de teatro para dramatizar.
- Canción: Pepiño, o pingüín.
- Técnicas plásticas: repaso.
- Audición: Danza chinesa, de «O crebanoces», de P.I. Tchaikovsky.
- Colaboración cos compañeiros na realización de traballos colectivos.
- Interese por participar en manifestacións artísticas da tradición cultural.
- Realización dunha danza seguindo o ritmo da música.
- Danzas e obras de teatro.
- Gusto por experimentar diferentes movementos como recurso corporal para a expresión e a comunicación.

#### **4.3.3.3. LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN**

- Conto con erros.
- Galería de imaxes.
- Memorys..
- Os ordenadores na vida cotiá.

### **5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

#### **5.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

##### **5.1.1 COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

1. Ten formado o seu esquema corporal.
2. Identifica o seu propio sexo.
3. Discrimina as partes principais do seu corpo.
4. Diferencia as informacións que lle proporciona cada un dos sentidos.

5. Mostra unha coordinación e control visomanual acorde á súa idade.
6. Cobre de forma autónoma as súas necesidades físicas, pedindo axuda cando a necesita.
7. Expresa os seus desexos e sentimentos.

#### **5.1.1.2 COÑECEMENTO DO CONTORNO**

1. Identifica algúns cambios naturais ligados aos cambios das estacións e as condicións meteorolóxicas.
2. Recoñece animais e plantas do seu contorno.
3. Identifica tradicións e festas de Galicia.
4. Coñece quen son os membros da súa familia e a súa mestra ou mestre.
5. Identifica os números 1, 2 e 3.
6. Asocia os números 1, 2 e 3 coas cantidades correspondentes.
7. Continúa series lóxicas.
8. Identifica as formas xeométricas: círculo, cadrado e triángulo.
9. Discrimina conceptos como dentro/fóra, enriba/debaixo e diante/detrás.
10. Describe as características de obxectos: forma, cor e tamaño.
11. Clasifica elementos segundo un criterio determinado.

#### **5.1.1.3 LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

1. Exprésase cun vocabulario adecuado á súa idade para manifestar desexos, sentimentos e experiencias.
2. Pronuncia de forma correcta as palabras que coñece.
3. Realiza correctamente os trazos propostos.
4. Comprende e reproduce algúns textos orais: contos, adiviñas e poemas.
5. Identifica o seu nome.
6. Realiza creacións propias a partir da observación dunha obra de arte.

7. Aplica en producións persoais distintas técnicas e materiais plásticos.
8. Discrimina o son dalgúns instrumentos de percusión.
9. Dramatiza cancións e audicións musicais.
10. Exprésase a través de actividades de xogo corporal e dramático.

#### **5.1.1.4 HÁBITOS E ACTITUDES**

1. Adquiriu hábitos básicos de saúde, hixiene, vestido, nutrición e prevención de accidentes.
2. Coida e respecta animais e plantas do seu contorno.
3. Mostra confianza nas súas posibilidades para iniciar e finalizar as súas tarefas.
4. Actúa seguindo as normas de comportamento adecuadas a cada situación.
5. Participa nas actividades e xogos colectivos.
6. Comparte o material cos seus compañeiros.
7. Mostra interese polas novas aprendizaxes.
8. Termina as súas tarefas no tempo establecido.

### **5.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

#### **5.2.1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

1. Identifica a propia imaxe corporal e as súas características máis destacadas.
2. Recoñece as partes principais do corpo.
3. Valórase a si mesmo e aos demais.
4. Mostra confianza nas súas propias capacidades.

5. Establece vínculos fluídos e equilibrados de relación cos demais.
6. Practica hábitos básicos de hixiene, vestido, nutrición e prevención de accidentes.
7. Oriéntase e actúa autonomamente nos espazos cotiáns.
8. Realiza distintos desprazamentos con harmonía e axilidade.
9. Realiza actividades que requiren control visomanual preciso.
10. Manipula obxectos correntes con precisión e autonomía.
11. Mostra interese por comunicarse, manifestar as súas opinións, desexos, necesidades, etc.

### **5.2.2 COÑECEMENTO DO CONTORNO**

1. Participa activamente nas actividades e xogos de grupo e individuais.
2. Coñece e respecta as normas de comportamento na casa, na aula e na rúa.
3. Establece relacións respectuosas e afectivas con outros nenos e nenas.
4. Mostra interese por coñecer outras culturas.
5. Recoñece algúns animais e plantas do contorno.
6. Discrimina algúns alimentos de orixe vexetal e animal.
7. Manifesta hábitos de responsabilidade e coidado dos animais e as plantas.
8. Identifica os cambios naturais ligados ás distintas estacións.
9. Identifica e traza os números do 0 ao 6.
10. Asocia os números do 0 ao 6 coas súas cantidades correspondentes.
11. Realiza series numéricas do 1 ao 6, ascendentes e descendentes.
12. Recoñece e utiliza os ordinais 1.º, 2.º e 3.º.
13. Utiliza nocións espazo-temporais para describir feitos, acontecementos e vivencias.

14. Resolve sumas sinxelas.
15. Discrimina e traza o círculo, o cadrado, o triángulo e o rectángulo.
16. Ordena secuencias temporais.

### **5.2.3 LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

1. Exprésase oralmente con diversas intencións comunicativas.
2. Emprega un vocabulario axustado á súa idade.
3. Pronuncia e articula de forma correcta as palabras que coñece.
4. Utiliza oracións completas para expresarse.
5. Escribe o seu nome.
6. Realiza correctamente os trazos propostos.
7. Comprende e reproduce correctamente contos, poemas e adiviñas.
8. Mostra interese polos textos escritos.
9. Comprende o argumento de narracións e contos.
10. Comprende o significado global de palabras e expresións nunha lingua estranxeira.
11. Utiliza adecuadamente os medios audiovisuais e tecnolóxicos.
12. Identifica as posibilidades dos medios audiovisuais como fonte de información e diversión.
13. Utiliza diversos materiais e técnicas para a realización de traballos artísticos.
14. Afianzou as destrezas manuais necesarias para a creación de obras artísticas.
15. Discrimina visual e auditivamente instrumentos de vento e de percusión.
16. Distingue algunhas calidades do son: sons longos/curtos, agudos/graves, etc.
17. Canta, escoita e dramatiza cancións e audicións musicais.
18. Coñece e utiliza as posibilidades expresivas do corpo.



19. Participa en actividades de dramatización, danza e xogo simbólico.

#### **5.2.4. HÁBITOS E ACTITUDES**

1. Asume e cumpre pequenas responsabilidades.
2. Mostra iniciativa e responsabilidade no coidado do contorno.
3. Acepta pequenas frustracións.
4. Respecta as normas de comportamento en distintos espazos.
5. Participa nas distintas actividades colectivas da aula.
6. Acepta e valora as diferenzas físicas e culturais.
7. Atende ás explicacións dos demais e respecta a vez na quenda de palabra.
8. Respecta e coida os materiais propios e comúns.
9. Relaciónase con todos os compañeiros/as da aula.

### **5.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

#### **5.2.1. COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

1. Identifica as características físicas persoais.
2. Recoñece as partes e articulacións principais do corpo.
3. Recoñece os cambios físicos ligados ao paso do tempo.
4. Diferencia as informacións que lle proporciona cada un dos sentidos.
5. Oriéntase de forma autónoma nos espazos do contorno.
6. Recoñece cal é o seu lado esquerdo e o seu lado dereito.
7. É consciente dos seus desexos, necesidades e sentimentos.

#### **5.2.2 COÑECEMENTO DO CONTORNO**

1. Identifica cambios naturais ligados ás estacións e ás condicións meteorolóxicas.

2. Recoñece os grupos sociais do seu contorno e as relacións que manteñen.
3. Coñece as manifestacións culturais máis destacadas de Galicia.
4. Identifica e coñece as características principais das plantas e animais.
5. Coñece que vive no planeta Terra.
6. Identifica cambios que se produciron nas actividades cotiás co paso do tempo
7. Utiliza os números do 0 ao 10.
8. Emprega os ordinais do 1.º ao 9.º
9. Agrupa, engade ou quita elementos para chegar a unha cantidade establecida.
10. Manexa nocións básicas espaciais, temporais e de medida.
11. Resolve sinxelos problemas matemáticos con sumas e restas.
12. Identifica e traza as formas e corpos xeométricos traballados.
13. Ordena unha secuencia temporal de ata seis escenas.
14. Completa e verbaliza o criterio de distintas series.

### **5.2.3 LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

1. Exprésase con claridade para manifestar desexos, sentimentos e experiencias.
2. Identifica e escribe o seu nome.
3. Coñece algunhas letras e escribe palabras significativas.
4. Realiza correctamente os trazos propostos.
5. Comprende e reproduce algúns textos orais: contos, adiviñas e poemas.
6. Comprende palabras significativas en inglés.
7. Narra coherentemente coas súas palabras historias coñecidas.
8. Realiza creacións propias a partir da observación dunha obra de arte.

9. Aplica en producións persoais distintas técnicas e materiais plásticos.
10. Discrimina o son dalgúns instrumentos de percusión, corda e vento.
11. Recoñece distintas calidades do son: duración e intensidade.
12. Dramatiza cancións e audicións musicais.
13. Exprésase a través de actividades de xogo corporal e dramático.

#### **5.2.4. HÁBITOS E ACTITUDES**

1. Valórase e valora aos demais.
2. Relaciónase de forma fluída cos demais.
3. Mostra autonomía nos hábitos básicos de saúde, hixiene e nutrición.
4. Participa nas actividades e xogos de grupo e individuais.
5. Respecta as normas de comportamento en casa, na rúa e na aula.
6. Valora e respecta as tradicións propias e doutras culturas.
7. escoita as intervencións dos demais e respecta a vez na quenda de palabra.

### **6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación concíbese e practícase do seguinte xeito:

- a) Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno, tendo en conta a súa situación inicial e particularidades.
- b) Integradora, para o que prevé a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- c) Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- d) Continua, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Dentro desta prevense tres modalidades:

a) Avaliación inicial. Proporciona datos sobre o punto de partida de cada alumno, dándonos unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e as características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e uns métodos adecuados.

b) Avaliación formativa. Realízase dun xeito continuo durante o mesmo proceso de ensino–aprendizaxe, observando e valorando os progresos e as dificultades de cada alumno, co fin de axustar a intervención ás necesidades individuais, establecendo as medidas de axuste e axuda que se consideren adecuadas.

c) Avaliación sumativa. Establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Así mesmo, prevese a existencia de elementos de autoavaliación que impliquen aos alumnos e ás alumnas no proceso.

### **6.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Como instrumentos de observación que permitirán recoller de xeito organizado información individual sobre ese proceso e, por conseguinte, proporcionar datos globais e pautas de actuación con cada alumno, utilizaranse os seguintes elementos:

a) Entrevistas coas familias.

b) O diario da aula.

c) As conversacións cos alumnos.

d) As situacións de xogo.

e) As producións dos nenos e das nenas.

f) Observación do comportamento na aula e nas distintas situacións que se produzan: patio, actividades complementarias, saídas...

## **7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO CRITERIO ORGANIZADOR**

Os principios polos que se guía a nosa práctica educativa son os seguintes:

a) Enfoque globalizador

O principio de globalización alude á conveniencia de aproximar os nenos ao que teñen que aprender desde unha perspectiva integrada e diversa. Isto implica que a diferenciación entre as distintas áreas de experiencias que aparecen no currículo non debe supoñer que a planificación do ensino e a práctica consecuente traten esas áreas de forma independente.

b) Método activo

Supón atender aos variados aspectos que favorecen un adecuado clima de participación na aula que permita ao alumno ser o protagonista da súa propia aprendizaxe: experimentar, investigar, expresarse, preguntar...; isto é, velar pola integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.

c) Motivación

Tomando como punto de partida o nivel de desenvolvemento dos alumnos e as súas aprendizaxes previas, promoveranse situacións de aprendizaxe que teñan sentido para eles, partindo dos seus intereses, demandas, necesidades e expectativas. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

d) Autonomía na aprendizaxe

Como consecuencia dos dous puntos anteriores, o método favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:

A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos:

- Utilizando estratexias comunicativas, un vocabulario e unha terminoloxía adaptados ao tipo de alumnado que temos na aula.
- Presentando e explicando o contido das actividades que se van realizar comprobando que o alumnado fixo unha representación correcta do seu contido.

A gradación das actividades en función do desenvolvemento evolutivo propio da etapa, o que supón xerarquizar estas en cada curso, tendo en conta que

deben aparecer en último lugar as que requiran un maior grao de habilidade e autonomía.

O respecto dunhas normas básicas sobre o traballo. Os nenos empezan a ser capaces de adoptar unha postura adecuada para realizalo, segundo o tipo de actividade e os agrupamentos; de xeito progresivo van adaptando o seu ritmo de traballo aos tempos marcados para cada tipo de actividade; aprenden a regular a súa conduta e a súa actividade para adaptala aos diferentes espazos e habitúanse a usar os materiais e os recursos de forma ordenada e coidadosa.

a) Programación cíclica

Perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa; e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.

b) Atención á diversidade do alumnado

A intervención educativa en Educación Infantil asume, como un dos seus principios básicos, a atención ás características individuais de cada un dos alumnos, os seus diferentes ritmos de maduración e aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

c) Sensibilidade pola educación en valores

O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta tense en conta na presentación explícita de actividades que favorecen o desenvolvemento de capacidades, actitudes, hábitos e condutas positivas en relación con: a autonomía e o adecuado manexo da afectividade, a comunicación, a relación cos demais, a adquisición de responsabilidades, a asunción das normas sociais, o coidado da natureza e o medio natural...

#### Relación coas familias

A necesidade dunha continuidade e complementariedade nas tarefas educativas fai que a colaboración e cooperación se expoñan como uns requisitos non só desexables, senón imprescindibles para garantir o éxito do proceso educativo.

Establecer canles apropiadas de comunicación e coordinación entre as familias e a escola favorece que os nenos perciban a participación e o interese dos seus pais, quen, comprendendo e valorando o seu traballo e os seus logros, contribúen a incrementar a súa autoestima e motivación.

#### Avaliación do proceso educativo

A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analízanse todos os aspectos do proceso educativo favorecendo a retroalimentación e a achega de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

#### 1 Agrupamento dos alumnos e alumnas

Os modelos de agrupamento elixidos para o grupo-clase estarán presididos fundamentalmente por dous principios reguladores: que favorezan o intercambio comunicativo e a resolución cooperativa das tarefas.

Con esta intención, ao longo da xornada poderanse organizar agrupamentos diversos e flexibles, en función do tipo de actividade e das intencións educativas, permitindo tanto a realización de actividades individuais como compartidas. Así, o traballo en parella, en pequenos grupos ou en gran grupo, favorecerá o diálogo e facilitará o desenvolvemento da tolerancia, o respecto polos outros e a capacidade de pedir e ofrecer axuda, habilidades imprescindibles para aprender a traballar en equipo. Ademais, este tipo de agrupamentos potencian a autoestima e a motivación por aprender.

A continuación, concrépanse os distintos tipos de agrupamento:

O traballo individual realizarase tanto nas fichas dos cadernos coma nas actividades dos recunchos para facilitar o ritmo individual de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.

O traballo en pequenos grupos promoverase en actividades que requiran unha distribución de tarefas para chegar a un fin común: confección de murais, xogos de construción...

O traballo en gran grupo organizarase para determinadas actividades, por exemplo: asemblea, actividades audiovisuais, propostas de xogos, cancións, dramatizacións e postas en común.

Doutra banda, fomentarase a interacción de todos os alumnos, favorecendo o diálogo entre eles nos momentos de traballo ou de xogo, promovendo a verbalización e o diálogo espontáneo e as normas elementais que rexen a conversación (respecto da vez na quenda de palabra, respecto ás opinións dos demais...).

Igualmente, procurarase desenvolver actividades que favorezan a interacción dos grupos de diferentes idades dentro da escola.

### 1.1 Organización dos espazos

A organización dos espazos escolares terá en conta a necesidade de crear ambientes agradables e funcionais, cos que os alumnos poidan identificarse e desenvolverse:

- a) Favorecendo a interacción en grupo.
- b) Potenciando o desenvolvemento progresivo da autonomía tanto nos hábitos diarios (hixiene, alimentación, descanso...) coma na realización das distintas actividades escolares.

Dentro destes espazos, consideráronse tanto as aulas coma outros lugares da escola tendo en conta o principio de flexibilidade e diversidade de elección, co obxectivo de respectar e adecuar a intervención educativa ás diversas características individuais e de grupo.

#### A aula

Estará distribuída en distintas zonas de actividade ou recantos. Esta organización da aula favorece o desenvolvemento da iniciativa dos alumnos e axúdalles a ser máis autónomos.

Prestarase especial atención á súa disposición, de modo que os alumnos sexan capaces de entender a funcionalidade de cada un dos ambientes.

Procurarase diferenciar claramente os distintos espazos, de modo que se eviten as interferencias tanto nas tarefas realizadas coma na súa organización e funcionalidade.



O número de recantos será variable dependendo da idade dos alumnos, do momento en que nos atopemos, así como das incidencias e necesidades que xurdan ao longo do curso.

Os recantos servirán tanto para a realización de actividades dirixidas polo educador coma para a experimentación e o xogo individual dos alumnos.

Estableceranse colectivamente as normas de utilización dos recantos, prestando especial atención a cuestións como o número de nenos por recanto, a necesidade de recoller e gardar os materiais unha vez utilizados, etc.

Os espazos favorecerán a participación de todos, os desprazamentos, as necesidades fisiolóxicas e afectivas, a socialización, a autonomía, o control, o traballo en grupo, o traballo individual e o traballo colectivo.

Doutra banda, prestarase unha especial atención á ambientación da aula de modo que se converta nun espazo cómodo en que os alumnos se sintan protexidos e co que cheguen a identificarse. Para conseguir isto procurarase:

Ambientar a aula tendo en conta as diversas realidades culturais de todo o alumnado do grupo-clase; así como a súa idade, os seus intereses e necesidades sociais.

Utilizar as producións realizadas polo propio alumnado como elemento de ambientación.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Como resultado da valoración inicial e ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos e alumnas, prevense distintas vías de resposta.

Aínda que en cada unha das áreas se aplicarán de forma específica unha serie de medidas concretas que permitan a adecuación ás diferenzas individuais dos alumnos e alumnas, quixemos establecer no unha serie de pautas ou

directrices xerais que actúen como marco de referencia para o conxunto do profesorado e que sirvan para unificar as actuacións de cada profesor/a:

### 8.1 Métodos diversos

Os métodos non son mellores ou peores en termos absolutos, senón en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada momento demandan os alumnos.

As adaptacións en métodos didácticos son un recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia de:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.

Estas modificacións deben producirse non só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención destas.

Actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo e ampliación

As actividades educativas situaranse entre o que os alumnos/as saben facer de xeito autónomo e o que son capaces de facer coa axuda do profesor/a ou dos seus compañeiros/as. Cando se trata de alumnos que manifestan algunha dificultade para traballar determinados contidos, débese axustar o grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Isto implica unha dobre esixencia:

- Realizar unha análise dos contidos para determinar cales son fundamentais.
- Ter previsto un número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade, que permita traballar estes mesmos contidos con esixencias distintas, incluíndo actividades de ampliación ou referidas a contidos complementarios.

## **9. CONCRECIÓN DO PLAN TIC**

Nesta etapa pretendemos aproximar aos nenos e nenas ao coñecemento, emprego e valoración das TIC –ordenadores, Internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo... –como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

Os contidos a traballar ao longo da etapa serán:

- Partes do ordenador e periféricos.
- Manexo do rato: clic e arrastar.
- Xogo autónomo no ordenador.
- A pizarra dixital e as súas ferramentas: lapis e dedo.
- Procesador de texto: as letras e a cor.
- Uso da impresora.

## **10. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

O obxectivo xeral do centro par este curso é “Manter un clima relacional positivo”. As estratexias para acadalo en Educación Infantil son:

- a) Chego con puntualidade ao colexio e saúdo ao entrar e saír de clase.
- b) Pido as cousas por favor e dou as grazas.
- c) Comparto o material.
- d) Xogamos todos xuntos.
- e) Respetto o traballo dos compañeiros e compañeiras.

## **11. RECURSOS DIDÁCTICOS**

Pautas que dirixirán a selección:

- a) Os materiais didácticos deben responder ás necesidades dos nenos e nenas, e aos proxectos de traballo que se previu realizar.

- b) Deben responder ás necesidades de seguridade e manipulación por parte dos alumnos.
- c) Han de incitar á exploración, investigación e recreación de situacións e experiencias variadas.
- d) Os elementos seleccionados permitirán a multifuncionalidade, así como posibilitarán a acción tanto individual como colectiva.
- e) Procurarase utilizar na aula os materiais que o alumnado poida atopar na súa vida diaria e que lles poidan permitir diferentes niveis de resolución das actividades de aprendizaxe.
- f) Prestarase especial atención á utilización de elementos que proveñan do contorno familiar dos alumnos.
- g) Igualmente, procurarase recuperar e reciclar materiais cotiáns para transformalos en materiais didácticos.

En coherencia co exposto anteriormente e tendo en conta as orientacións e principios didácticos adoptados os recursos utilizados serán:

Cadernos de fichas do método.	Láminas temáticas.
Fichas elaboradas polas profesoras.	Maleta e mascota.
CDs do método.	Punzóns.
Outros CDs.	Pinturas de diversas clases.
Papel continuo.	Rotuladores.
Papeis de diferentes texturtas.	Plastilina.
Pintura de dedos.	Instrumentos musicais.
Xogos simbólicos.	Tesoiras.
Pratos de plástico.	Información e materiais diversos traídos da casa.
Dado de xogos.	Libros de contos.
Folletos publicitarios.	Cámara de fotos.

Cola.

Dvds.

Materiais reciclables.

Etc.

Vídeos.

## **12. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso de ensino aprendizaxe, no referente á propia programación, ao final de cada trimestre avaliaranse na reunión de ciclo os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre os obxectivos e as competencias básicas.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e métodos coas necesidades reais.
- 

Segundo o resultado desa avaliación procederase no seguinte trimestre e faranse propostas de mellora se fose necesario.

## **VIII) CONCRECIÓN DO CURRÍCULO DE PRIMARIA**

A Educación Primaria cumpre a importante misión de socialización e compensación, e correspóndese co inicio da adquisición polo alumnado de destrezas instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo) e coa súa aplicación ao medio e á súa cultura, e co desenvolvemento da súa heteronomía, ata chegar á autonomía persoal, espacial e temporal, así como intelectual, social e moral.

Durante a etapa, pouco a pouco, iranse afianzando as destrezas básicas mediante técnicas de traballo que faciliten o seu achegamento á análise da realidade dunha maneira máis racional e obxectiva. As tarefas adquirirán unha complexidade crecente que se verá facilitada pola aprendizaxe cooperativa, para inicialos nas súas primeiras experiencias autónomas. Todo este proceso

require unha adecuada atención á diversidade, en función das diferenzas individuais e os distintos ritmos de aprendizaxe.

Esta etapa debe proporcionar aos alumnos e alumnas:

- a) A formación integral que facilite o desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- b) A madurez necesaria correspondente a esta etapa do ciclo vital.
- c) O tratamento adecuado das súas diferenzas individuais.
- d) A posibilidade de realizar unha aprendizaxe construtiva.
- e) O coñecemento e o dominio básicos da propia persoa e do medio.
- f) O dominio das ferramentas básicas instrumentais do coñecemento.
- g) O desenvolvemento da cognición e da metacognición e a motivación (aprendizaxe autorregulada).
- h) A consolidación da súa socialización e da súa autoestima.

## **1. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA**

Os obxectivos establecen as capacidades que os alumnos e as alumnas deben conseguir ao finalizar o proceso educativo, e referírense, como mínimo, a cinco grandes tipos de capacidades humanas: cognitivas ou intelectuais, psicomotrices, afectivas, de relación interpersoal e de actuación e inserción social. Para a súa mellor organización, administración, definición e axuste á realidade educativa, están estruturados en diferentes niveis, desde os máis xerais (etapas, ciclos e áreas) aos máis específicos (terminais ou didácticos).

A partir dos obxectivos xerais da etapa, cada equipo docente ten a misión de fixar os obxectivos de ciclo, adaptándoos ás características do seu centro e do seu contorno; aínda que, verdadeiramente, o currículo se dinamiza e adquire maior relevo a través da formulación dos obxectivos terminais, por parte de cada titor ou titora na súa aula, indicando o que (feitos, conceptos e principios: compoñente conceptual), o como (procedementos, métodos, técnicas, habilidades e destrezas: compoñente procedemental) e o para que (actitudes,

valores e normas: compoñente actitudinal) das capacidades que se deben adquirir e desenvolver por parte do alumnado.

Os obxectivos xerais de etapa que o CEIP Eduardo Ávila Bustillo propón expresan as capacidades que deberán adquirir os alumnos e as alumnas ao final da etapa, para o cal se tivo en conta o disposto no currículo oficial.

A contribución diferencial consiste en que os obxectivos de ciclo que dan réplica aos de área e aos xerais da etapa foron seleccionados de acordo coas características do noso alumnado e coa concepción da aprendizaxe que temos no centro. Despois, foron secuenciados por ciclos para adaptalos ás características evolutivo-madurativas específicas do alumnado e facilitar así a súa adquisición; telos presentes no momento de organizar e secuenciar os contidos, e como indicadores á hora de establecer os criterios de avaliación final de cada ciclo, marcando os niveis que deben alcanzar os alumnos, e facilitar a coordinación e orientación do profesorado con referencias concretas sobre as necesidades do alumnado.

Por outra parte, e por estas mesmas razóns, na planificación da cada unha das áreas, concebimos un proxecto no que, partindo duns obxectivos xerais de área para toda a etapa, se establecen uns obxectivos de ciclo cos seus correspondentes contidos e criterios de avaliación para o citado ciclo.

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Fomentar a integración do alumnado estranxeiro e do pertencente ás minorías étnicas.

f) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

g) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

h) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.

i) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

l) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

ll) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.



n) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

Os obxectivos xerais que propoñemos no centro para as distintas áreas son:

### **OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS**

1. Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego é diferente ao das outras nacionalidades e autonomías que compoñen o Estado español, participando activamente na súa defensa e conservación.

2. Actuar de acordo cos hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento do corpo humano e das súas posibilidades e limitacións, conducíndose progresivamente como seres autónomos e amosando unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, características físicas, personalidade, etc.).

3. Participar en actividades de grupo, adoptando un comportamento construtivo, responsable e solidario, valorando as achegas propias e alleas en función de obxectivos comúns, fomentando ou cultivo da espontaneidade e a imaxinación e respectando vos principios básicos do funcionamento democrático.

4. Recoñecer e apreciar a súa pertenza a uns grupos sociais con características e trazos propios, promover un sentimento de pertenza a unha comunidade autónoma, respectando e valorando as diferenzas con outros grupos sociais e rexeitando calquera clase de discriminación baseada nestes feitos.

5. Promover un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España) e a unha cultura universal,

desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.

6. Analizar algunhas manifestacións da intervención humana non medio, avaliar criticamente a necesidade e o alcance das mesmas e adoptar un comportamento na vida cotiá acorde coa postura de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do patrimonio cultural, entendendo o medio como un sistema non que interaccionan diferentes elementos (naturais, sociais, culturais...).

7. Recoñecer nos elementos do medio socionatural os cambios e transformacións realizados co paso do tempo, indagar sobre algunhas relacións de simultaneidade e sucesión d'uns ditos cambios e aplicar estes conceptos ao coñecemento da realidade social actual e á doutros momentos históricos, fomentando a comprensión do presente mediante o descubrimento da importancia do pasado.

8. Aplicar os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade social galega, para comprender a súa situación actual, tendo en conta os factores externos que a condicionan influíndo, ás veces decisivamente, no funcionamento da nosa sociedade.

9. Identificar os principais elementos do contorno natural, analizando as súas características máis relevantes, a súa diversidade como comunidade autónoma, a súa organización e interaccións e progresar no dominio de ámbitos espaciais de menor a maior complexidade.

10. Utilizar diferentes códigos (cartográficos, numéricos, técnicos, icónicos...) para interpretar, expresar e representar feitos, conceptos e procesos do medio socionatural.

5. Definir criterios específicos para a adaptación de actividades de ensino-aprendizaxe dos diferentes tipos de NEAE.

### III. Nos obxectivos e nos contidos

1. Definir os obxectivos xerais de etapa e de áreas tendo en conta as NEAE de todos os alumnos e todas as alumnas do centro.

2. Introducir obxectivos e contidos específicos para alumnado con NEAE

3. Secuenciar estes obxectivos e contidos.

4. Darlles prioridade a obxectivos e contidos, definindo os mínimos.

### Adaptacións curriculares de aula

#### I. Nos elementos persoais

1. Relacións profesorado-alumnado:

1.1. Coñecer o sistema de comunicación dos alumnos e das alumnas con NEAE

1.2. Manter unha actitude positiva con eles.

1.3. Procurar relacións espontáneas e fluídas, dentro dun bo clima de clase.

2. Relacións entre alumnos e alumnas:

2.1. Combinar agrupamentos homoxéneos e heteroxéneos, actuando intencionalmente na súa constitución.

2.2. Fomentar o traballo cooperativo e participativo.

3. Relacións entre o titor e a titora e apoios:

3.1. Establecer responsabilidades.

3.2. Realizar coordinacións.

3.3. Programar e avaliar conxuntamente.

## II. Nos elementos materiais

1. Organizar e distribuír espazos e tempos respectando as NEAE
2. Seleccionar os recursos didácticos máis adecuados en cada caso.

## III. Nos elementos funcionais

### 1. Na avaliación:

- 1.1. Partir dunha avaliación inicial xeral de cada área e específica de cada unidade didáctica para a detección de coñecementos previos.
- 1.2. Empregar procedementos e instrumentos variados adaptados ás NEAE dos alumnos e das alumnas.
- 1.3. Diseñar actividades de ensino-aprendizaxe que permitan a avaliación continua.
- 1.4. Potenciar a autoavaliación e a heteroavaliación.

### 2. Na metodoloxía e nas actividades:

- 2.1. Empregar estratexias motivadoras próximas aos intereses do alumnado.
- 2.2. Dar prioridade a métodos que favorezan a experiencia directa, a comunicación e a reflexión.
- 2.3. Dispensar reforzos positivos variados.
- 2.4. Diseñar actividades grupais e individuais.
- 2.5. Desenvolver actividades de libre elección.
- 2.6. Levar a cabo actividades diferentes para un mesmo contido, en diferentes niveis de dificultade.

### 3. Nos obxectivos e contidos:

- 3.1. Definir e complementar obxectivos e contidos xerais e para os alumnos e as alumnas con NEAE.
- 3.2. Dar prioridade a obxectivos e contidos.
- 3.3. Establecer os mínimos.



## **4.2. MEDIDAS DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR**

Cando un alumno ou alumna teña que permanecer un ano máis no ciclo, o profesor ou profesora responsable das áreas nas que non acadou os mínimos esixibles teñen que elaborar un plan específico de reforzo para que poida mellorar o seu rendemento.

Poranse en contacto co orientador ou orientadora e valorarán que medidas son máis axeitadas: apoio dentro do grupo, apoio ocasional fóra do grupo, posibilidade de intervención do persoal de PT, etc.

## **4.3. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

Todo proxecto debe ter como obxectivo dar resposta á diversidade, e, para isto, o centro ten que elaborar un programa de orientación dirixido á personalización do proceso de ensino-aprendizaxe; aínda que a súa realización sexa, en última instancia, responsabilidade do titor ou da titora de cada grupo de alumnos.

A función titorial é moi variada, pois abarca practicamente todas as facetas e actividades da vida escolar, xunto coas da realidade persoal e social relacionadas con elas. Todo docente é responsable dun grupo de alumnos e de alumnas e sobre eles debe exercer a súa acción titorial, encamiñada a axudalos para que se coñezan e se acepten a si mesmos e ao mundo que os rodea, para que alcancen unha maior eficacia intelectual, profesional e persoal, e para que se relacionen máis satisfactoriamente consigo mesmos e cos demais.

Pero, ademais desta relación co alumnado, o titor ou a titora, como punto de articulación entre todos os eixes do sistema educativo, terá que establecer tamén contactos coa área institucional e familiar.

Así pois, a actuación titorial debe abarcar os seguintes campos:

1.<sup>a</sup> Psicosocial: Coñecer as necesidades, motivacións, aprendizaxes, relacións cos compañeiros e compañeiras, capacidade de integración, etc., dos alumnos, para darlles resposta.

2.<sup>a</sup> Dinámico-grupal: Coñecer e practicar as leis e o funcionamento do grupo.

3.<sup>a</sup> Institucional: Coñecer e asumir os obxectivos da comunidade educativa á que representa.

4.<sup>a</sup> Familiar: Facilitar o contacto permanente entre familia e escola.

#### **4.3.1. FUNCÍONS DA ACCIÓN TITORIAL**

As funcións da titoría respecto a todos os elementos que interveñen no proceso educativo son:

1.<sup>a</sup> Referidas ao alumno ou á alumna

a) Coñecer os seus antecedentes académicos e características diferenciais persoais.

b) Afondar no coñecemento dos seus trazos de personalidade (aptitudes, intereses, motivacións, etc.).

c) Favorecer no alumno o coñecemento de si mesmo.

d) Detectar e analizar as súas dificultades persoais e escolares.

e) Contribuír á mellora das súas relacións co grupo, co docente, coa familia, etc.

f) Prestar especial atención ao alumnado inmigrante evitando o aillamento.

f) Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe.

g) Realizar as tarefas burocráticas oportunas (expedientes, cualificacións, etc.).

2.<sup>a</sup> Referidas ao grupo de alumnos e de alumnas

a) Aplicar a teoría científica para a formación dos grupos máis convenientes.

- b) Informar aos grupos sobre o funcionamento do centro, sobre as normas da clase e sobre o propio labor tutorial.
- c) Coñecer o contexto económico e sociocultural do grupo.
- d) Desenvolver actitudes cooperativas e participativas de diálogo, reflexión e tolerancia no seu contorno.
- e) Coordinar suxestións, propostas e actividades escolares e extraescolares do grupo.

### 3.<sup>a</sup> Referidas ao equipo docente

- a) Coordinar a información que os docentes teñen sobre os alumnos e as alumnas e sobre o grupo.
- b) Coordinar o proceso avaliador dos alumnos.
- c) Asesorar sobre a promoción dun ciclo a outro.
- d) Colaborar cos equipos de orientación do centro e da zona.
- e) Coñecer a programación, a metodoloxía e os obxectivos de cada área.

### 4.<sup>a</sup> Referidas á familia

- a) Establecer relacións fluídas coas familias para facilitar a coordinación co centro.
- b) Implicar os pais e as nais en actividades de apoio á aprendizaxe e á orientación dos seus fillos e das súas fillas.
- c) Informar aos pais e ás nais de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos e das súas fillas.
- d) Explicar aos pais/nais do alumnado inmigrante as características propias do noso sistema educativo.
- e) Mediar, con coñecemento de causa, en posibles situacións de conflito e informar á familia.

5.<sup>a</sup> Referidas ao centro

- a) Participar na elaboración dos obxectivos do centro e asumilos.
- b) Actuar como voceiro ou voceira do grupo nas xuntas de avaliación.
- c) Manter contactos periódicos cos grupos de orientación do centro e da zona.
- d) Colaborar con aquelas entidades que interveñan, para facilitar a atención aos alumnos e ás alumnas.

## **5. CRITERIOS PARA INTRODUCIR A EDUCACIÓN DE VALORES NAS DISTINTAS MATERIAS**

Os contidos transversais deben estar integrados na totalidade das áreas e impregnar a actividade educativa no seu conxunto.

En cada unidade programaranse actividades encamiñadas a conquistar que o alumnado acade unha serie de coñecementos, actitudes, destrezas e hábitos relacionados cos seguintes contidos:

Educación para a saúde e a calidade de vida

- Desenvolvemento da autonomía persoal.
- Desenvolvemento físico e motor.
- Coñecemento do propio corpo e do dos demais.
- Educación sexual.
- Educación vial.
- Educación deportiva.
- Recoñecemento e respecto das diferencias.
- Hábitos positivos de limpeza, alimentación, controles médicos, normas de prevención...

Educación ambiental

Programaranse actividades nas distintas materias encamiñadas a:

- Comprensión do medio ambiente como un sistema integrado por elementos sociais e naturais no que o ser humano é responsable da calidade de vida do planeta.
- Construcción progresiva de conceptos que permitan coñecer o medio ambiente, afirmar habilidades e destrezas para entender e intentar resolver situacións problemáticas do entorno e potenciar as actitudes e valores necesarios para crear pautas de comportamento que incidan na mellora das condicións ambientais.

#### Educación para a paz

Programaranse actividades nas distintas materias e fomentaranse comportamentos encamiñados a:

- Axudar aos nenos e nenas a aceptarse a si mesmos e aos demais.
- Crear actitudes de comprensión e respecto.
- Coidar do vocabulario, os xestos e as actitudes.
- Axudarlles a comprender os conflitos e a utilizar o diálogo e o consenso para resolvelos.
- Valorar a amizade e a solidariedade para poder vivir e harmonía.

#### Educación para a igualdade entre os sexos

Programaranse actividades nas distintas materias e fomentaranse comportamentos encamiñados a:

- Non estereotipar.
- Correxir calquera trato discriminatorio.
- Coidar a linguaxe, as ilustracións e os comportamentos discriminatortios.
- Favorecer a convivencia entre iguais en tódalas ocasións e tarefas.

#### Educación do consumidor

- Porase a disposición do alumnado instrumentos de análise e crítica que lles permitan adoptar unha actitude persoal fronte ás ofertas de todo tipo que lles propón a sociedade: gasto excesivo, marcas, publicidade...
- Axudaráselles a tomar conciencia dos excesos consumistas e da conveniencia de adecuar as necesidades reais ás posibilidades de consumo de produtos, mantendo unha actitude solidaria e responsable ante os bens escasos e unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado.

### Educación para o lecer

Programaranse actividades nas distintas materias e fomentaranse comportamentos encamiñados a:

- Axudarlles a utilizar o tempo de lecer de forma creativa e nopr alienante: lectura, poesía, pintura, adiviñas, cartas, receitas, cómics...
- Enlazar a actividade escolar coa extraescolar: idiomas, artes, actividades deportivas.
- Fomentar a amizade e o cooperativismo para xogar e pasar o tempo.

## **6. CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS**

- A redacción e coordinación das programacións didácticas das diferentes áreas é responsabilidade de coordinador ou coordinadora de ciclo correspondente.
- Deben cumprir co establecido no Decreto 124/2007, do 28 de xuño (DOG do 29), polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Se algún profesor ou profesora decidira incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do ciclo, esta variación e a xustificación correspondente, incluírase na

programación de dito ciclo, sempre que haxa acordo unánime ou, en último caso, o decida a comisión de coordinación pedagóxica.

- O cambio de profesorado non implicará unha nova programación. Todo profesor ou profesora que se incorpore de novo ao centro adaptárase á programación vixente.

- Unha vez elaboradas entregaranse ao xefe ou xefa de estudos, que deberá comprobar que figuran tódolos apartados das mesmas e envialas á inspección facendo constar que iso se cumpre. En caso contrario instará aos implicados a completar o que sexa necesario.

- O modelo de programación de cada materia para o noso centro seguirá o seguinte esquema:

- I. Competencias básicas da materia ao logro das competencias básicas.

- II. Obxectivos

- III. Contidos temporizados

- IV. Criterios de avaliación

- V. Metodoloxía

- VI. Materiais curriculares e outros recursos didácticos

- VII. Procedementos e outros instrumentos de avaliación

- VIII. Sistemas de cualificación

- IX. Programa de reforzo e recuperación

- X. Mínimos esixibles

- XI. Medidas de atención á diversidade

- XII. Actividades complementarias extraescolares

- XIII. Fomento da lectura

- XIV. Fomentos das TIC

- XV. Educación en valores

- XVI. Avaliación da programación

- XVII. Procedementos de información ás familias.

## **7. PLAN DE ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE NON OPTE POLA ENSEÑANZA DE RELIXIÓN**

Ao inicio de cada curso académico os pais/nais ou tutores/as dos alumnos e alumnas manifestarán a súa vontade de que os seus fillos/as reciban ou non ensinanza de relixión.

O alumnado cuxos pais ou tutores non optasen pola ensinanza de relixión recibirán a debida atención educativa co fin de que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación ningunha.

Dita atención non comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera área da etapa.

Os nenos e nenas serán atendidos, preferentemente, polo profesor ou profesora titor/a e, de non ser posible por motivos de horario ou de organización do centro, por outro profesor ou profesora coñecido polo alumnado.

O profesor/a programará as actividades que considere oportunas que figurarán nas programacións de ciclo. Ao final de cada trimestre fará un informe de avaliación das mesmas.



## **IX) PROXECTO LINGÜÍSTICO**

### **1. INTRODUCCIÓN**

Segundo o establecido no *decreto 79/2010 do 20 de maio*, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia no seu artigo número 14.3, elaboramos o presente proxecto lingüístico de centro como instrumento que sirva de guía na nosa práctica docente para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, tal e como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión duna comunidade e, tal e como sinala a Constitución española, é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de autonomía de Galicia define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos temos o dereito de coñecelos e usalos.

Tendo en conta a situación sociolingüística na que se enmarca o noso centro, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz.

Por outra banda, a realidade social europea sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo no que hai que adicar especial atención á adquisición dunha lingua estranxeira e prestar atención a alumnos e alumnas que non coñecen ningunha das dúas linguas oficiais da nosa comunidade.

Por todo o exposto, cómpre formular un novo marco de actuación no centro que teña en conta o regulamento da distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e que teña como obxectivos primordiais garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira.

Este curso 2018/2019 revisamos de novo o Proxecto Lingüístico existente, con data de 2012, para adaptalo á nova normativa LOMCE.

## 2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- ❑ Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- ❑ Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- ❑ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ❑ Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❑ Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### 1

#### 3.1. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O CEIP Eduardo Ávila Bustillo está ubicado nun entorno rural onde a maior parte da poboación fala galego. Sen embargo, existe unha grande división entre a linguaxe empregada polas familias do alumnado do centro. Poderíamos dicir que a metade destas non empregan o galego como lingua materna debido a que proceden de fóra de Galicia, se ven levan tempo na nosa Comunidade. Non obstante, dentro das familias que si empregan habitualmente o galego, atopamos que os fillos/as non o fan, sendo o castelán a súa lingua de referencia. Polo tanto, case o total do alumnado emprega o castelán para o seu día a día, tendo bastantes dificultades á hora de expresarse en galego.

Dentro do contexto do centro, as diferentes institucións da Veiga diríxense á poboación en galego. Polo tanto, aínda que o contexto que rodea ao centro é galegofalante, non se pode dicir o mesmo do alumnado.

### 3. 2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

A lingua habitual que emprega o profesorado na súa vida cotiá, en ámbitos que non son a súa actividade docente é o galego.

Actualmente o centro conta coa seguinte plantilla de profesores e profesoras:

- 1 mestre especialista en Lingua Estranxeira, que actúa como Responsable do Centro.
- 1 mestre de Música e titor do grupo de Primaria.
- 1 mestra de Educación Física e titora do grupo de Educación Infantil.
  
- 1 mestra de Audición e Linguaxe, que itinera co CEIP de Vilariño de Conso.
- 1 mestra de Relixión que está no centro os venres.
- 1 orientadora compartida con varios centros da zona.

Todos os profesores e profesoras teñen un bo nivel de coñecemento da lingua galega coa habilitación correspondente nesta lingua.

A actitude que constata o profesorado cara ao uso do galego no ámbito educativo é máis que favorable, comprometida coa utilización do galego no ámbito escolar e co fomento da mesma entre o alumnado. Igualmente, a actitude que mantén o profesorado do centro cara á normalización social do galego é moi boa.

En resumo, **a dispoñibilidade para impartir docencia en galego e tratar de normalizar a situación do mesmo entre o profesorado é óptima.**

### 3.3. SITUACIÓN DO ALUMNADO

A lingua que fala espontaneamente o noso alumnado nos diversos ámbitos nos que se desenvolve a súa vida (familia, amizades, relacións sociais) é maioritariamente, podemos dicir que totalmente, a castelá.

Na interacción lingüística cos membros da súa familia, alumnos e alumnas do noso centro predomina o castelán.

Tamén o castelán é predominante no ámbito escolar.

A competencia comunicativa que teñen en galego é moi inferior á que teñen en castelán.

A actitude cara a normalización social do galego que se constata entre o alumnado pódese cualificar de pouco favorable.

A actitude do alumnado cara a utilización do galego no ámbito educativo é tamén pouco favorable.

Podemos concluír que **a presenza do galego na vida do alumnado é moi escasa.**

### **3.4. SITUACIÓN DO CENTRO**

A presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas, nos taboleiros, etc. é plena.

O emprego da lingua galega na interacción co alumnado, coas familias e con outras institucións é maioritario.

O emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais é amplo.

O emprego do galego polo persoal non docente, podémolo cualificar de amplo.

A dotación de fondos en galego na biblioteca é suficiente.

A presenza da lingua galega na utilización das TICS é notable debido á recente incorporación no proxecto EDixgal.

Fronte a estes datos podemos concluír que **a presenza ambiental do galego no noso centro é notable.**

## **4. OBXECTIVOS E LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

### **4.1. NO CONTORNO DO CENTRO**

#### **4.1.1. OBXECTIVOS**

- Aumento progresivo do emprego do galego nas relacións de carácter non oficial, tanto internas como externas ao Centro.
- Incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na Comunidade Escolar para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.
- Estimular actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuízos e inercias negativas.
- Incorporar nas programacións didácticas, sempre que resulte posible, a propia realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte e folclore galegos.

#### **4.1.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN**

- Colaboración coa ANPA, ofrecéndolle asesoramento lingüístico e actividades en común que fomenten o uso do galego.
- Transmisión por parte do profesorado mediante reunións de tutoría cos pais e nais, conversas informais, pautas e observacións, a idoneidade do bilingüismo para calquera neno ou nena.
- Levar a cabo charlas-coloquio nas que se explique a natural adquisición de dúas linguas por parte do alumnado.
- Integrarse na zona e na súa realidade con visitas que permitan coñecer o noso contorno, historia, etnografía...

### **4.2. NO PROFESORADO**

#### **4.2.1. OBXECTIVOS**

- Promover un maior uso do galego nas novas tecnoloxías.

- Tentar que todo o profesorado acade plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Contar con actividades diarias permanentes en galego.

#### **4.2.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN**

- Ter presente a lingua galega e a nosa cultura a diario na hora do conto e na sesión de lectura no Centro.
- Dotar de material bibliográfico que axude a paliar calquera dúbida referente ao galego, así como dicionarios de aula, libros de gramática, material audiovisual e informático en galego, correctores, páxinas web relacionadas coa nosa lingua e a nosa cultura.
- Dispor da normativa ortográfica actualizada.
- Instalar software en galego en todos os ordenadores.

#### **4.3. NO ALUMNADO**

##### **4.3.1. OBXECTIVOS**

- Aumentar progresivamente o uso do galego.
- Estimular actitudes favorables cara ao uso do galego.
- Achegar a lingua ás familias do alumnado coidando forma e contido.
- Promover a oralidade.
- Potenciar a utilización da lingua galega como lingua vehicular dentro da aula de xeito coloquial.

##### **4.3.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN**

- Empregar unha metodoloxía activa e motivadora.
- Utilizar a lingua galega en actividades non estritamente escolares (nos patios, á saída e entrada do centro, nas actividades complementarias e extraescolares...)
- Utilizar material didáctico motivador axeitado ao nivel do alumnado.

- Para traballar memoria visual-auditiva-verbal, achegalos á música, ás tradicións galegas, literatura popular, adiviñas, trabalinguas, xogos tradicionais,....
- Procurar que os contacontos e animadores que veñan ao centro empreguen a lingua galega.

#### **4.4. NO CENTRO**

##### **4.4.1. OBXECTIVOS**

- Diseñar e levar a cabo campañas de sensibilización ante o uso do galego diversificadas para os membros da comunidade educativa.
- Fomentar a participación en campañas de animación á lectura.
- Utilizar a información como canle de promoción da lingua galega.

##### **4.4.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN**

- Ter a disposición da comunidade educativa obras sobre o bilingüismo e as súas vantaxes.
- Motivar á ANPA sobre o uso do galego nas actividades que se levan a cabo no centro facilitándolles toda a axuda que precisen.
- Realizar todos os actos (contacontos, festivais, celebracións,....) aos que ten acceso toda a comunidade educativa escolar, na lingua galega.

#### **4.5. DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

##### **4.5.1. OBXECTIVOS**

- Potenciar a valoración positiva do uso do galego en todos os ámbitos da actividade educativa.
- Concienciar ao alumnado da importancia do uso da nosa lingua.
- Utilizar a Lingua Galega nas relacións internas do Centro: reunións, actas, rotulacións do centro, revistas e publicacións.
- Fomentar a formación de grupos de traballo e a colaboración interdisciplinar para a realización de actividades que promovan o uso da lingua galega.
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da Comunidade Educativa.

#### **4.5.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN**

- Traballo de dinamización dirixido a eliminar prexuízos e fomentar o uso do galego, tanto na vida do centro como nas aulas.
- Labor de recuperación das festas de carácter anual e tradicional (Magosto, entroido, samaín,...) salientando a vertente dinamizadora.
- Organización e celebración da Semana das Letras Galegas con murais elaborados polos alumnos e alumnas do Centro e celebración de concursos literarios, festivais...
- Edición da “revista” ou díptico da Semana das Letras coas obras dos alumnos premiados e a autoría dos mesmos.
- Elaboración de unidades didácticas, co material complementario correspondente, para o estudo de personaxes ilustres ou de temas relacionados coa lingua e cultura galegas.
- Proposta de adquisición de libros, aplicacións informáticas e outros materiais en lingua galega.
- Dinamización de blogs de curso.
- Festexar de distintas maneiras as festas tradicionais cun obxectivo lúdico e educativo.
  - Transmitir o espírito tradicional de cada festividade.

### **5. LINGUAS QUE SE EMPREGAN NO CENTRO NAS ÁREAS, MATERIAS, MÓDULOS OU ÁMBITOS DE COÑECEMENTO**

#### **5.1. ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL**

O resultado das enquisas realizadas aos familiares determinou que a lingua materna predominante entre o alumnado de Educación Infantil no curso actual é o castelán nun 75%. So un alumno dos catro que hai nesta etapa ten por costume expresarse en galego, tanto no colexio coma na casa. Polo tanto, o castelán será a lingua vehicular empregada neste nivel, sen prexuízo das indicacións feitas tanto no P.E.C. como na P.X.A e Programacións didácticas para a adquisición de ámbalas dúas linguas



cooficiais, e especialmente para o tratamento e uso da segunda lingua na aula, neste caso o galego.

No tocante á aproximación á lecto-escritura, tentarase empregar a lingua materna de cada alumno/a, agás nos casos nos que se trata de traballos de carácter grupal onde primará a lingua vehicular anteriormente indicada.

As estratexias e actividades concretas para a adquisición da outra lingua atópanse indicadas nas programacións de ciclo e de aula de Educación Infantil, así como no Proxecto educativo do centro o no propio Proxecto Lingüístico.

Para ir introducindo paulatinamente o galego na sesión de psicomotricidade empregarase como lingua vehicular o galego, así como na de música. Tendo en conta o marco legal que regula a

utilización das linguas en Educación infantil, utilizarase na clase a lingua materna predominante no alumnado, terase en conta a lingua do contorno e coidarase de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites propios desta etapa educativa.

Tendo en conta as características sociolingüísticas do centro, consideramos que sería bo que houbera, nesta etapa educativa, algún profesor ou profesora que lle falase aos nenos e nenas soamente en galego, para que eles e elas identifiquen a esa persoa co galego e se sintan estimulados a falalo con ela.

A lingua oral é esencial nesta etapa educativa, polo que nenos e nenas deberán escoitar abundantes mensaxes orais en galego. Isto contribuirá a que interiorice o léxico e as estruturas da lingua, para que logo poda falalo con fluidez.

Xa que os nenos e nenas desta etapa son moi sensibles á valoración dos seus logros por parte dos seus maiores, deberanse valorar publicamente os avances que van facendo na adquisición do galego para que se motiven.

## **5.2. ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As linguas nas que se impartirán as diferentes áreas reflíctense no cadro adxunto.

Seguindo as Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia: “*O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudiantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia*”.

Reparto de áreas impartidas en Lingua Galega e Lingua Castelá (as resaltadas impártense en galego)

Áreas	Cursos						
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Lingua Galega e Literatura		4	4	4	4	3	
Lingua Castelá e Literatura		4	4	4	4	3	
Matemáticas		5	4	4	5	5	
Ciencias Sociais		3	3	2	2	3	

Ciencias da Natureza		2	2	2	2	2	
Lingua Estranxeira							
Educación artística	Plástica		1	1	1	1	1
	Música		1	1	1	1	1
Educación Física		2	2	2	2	2	
Relixión / Valores sociais e cívicos		1	1	1	1	1	
Libre configuración				1		1	
TOTAIS		12/11	12/10	11/11	12/11	11/11	

Observación: Se a materia que se vai impartir como de Libre configuración é unha sesión máis das xa existentes, impartirase na lingua na que se desenvolve esa materia, procurando respectar o equilibrio entre a lingua galega e a castelá.

Tendo en conta o marco legal para a Educación primaria, nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usaranse, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.

En todas as áreas agás as mencionadas no parágrafo anterior e na materia de lingua estranxeira, o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia. Non obstante, procurarase que utilice a propia da materia ou módulo.

Nas áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, a lingua empregada polo profesorado, nos libros de texto e no material didáctico será o galego.

Na área de Matemáticas a lingua vehicular, dos textos e dos materiais didácticos será o castelán.

## **6. MEDIDAS PARA GARANTIR OS OBXECTIVOS DE FOMENTO DO PLURILINGÜISMO**

1.

### **2. 6.1. ACCIÓNS CENTRADAS NO USO DO GALEGO ORAL E ESCRITO**

#### **• Aspectos documentais e visuais do centro:**

- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros e avisos.
- Ter en galego a páxina web do centro.
- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados...
- Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Ter en galego os cuños empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os de rexistros de entrada e saída, da biblioteca...

#### **• Usos lingüísticos cotiáns orais:**

- Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que se manteñan coas familias, co alumnado, co persoal non docente.
- Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, conferencias...
- Empregar o galego nas actividades extraescolares, etc.

#### **•Fomento xeral do uso do galego:**

- Darlle pulo as TICS promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, utilización dos diferentes recursos que ofrece internet, creación de weblogs colectivos, uso de chats, videoconferencias...
- Recompilar material informático que axude ó profesorado a traballar en galego: corrector, ferramentas informáticas para elaborar recursos..

- Ter ben dotada de libros e revistas en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula, fomentando o seu uso e a súa lectura.
- Fomentar a través de xogos e outras actividades lúdicas o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Poñer ao alumnado en contacto coa realidade galega mediante: visitas a actividades socialmente prestixiadas nas que se fale a lingua, paneis informativos nos que se recolla información relevante relacionada coa presenza do galego, saídas nas que se vexa a realidade rural.
- Impulsar o galego no proxecto de “Radio A Veiga” que temos no Centro.

- **Colaboración co contorno**

- Manter unha colaboración aberta co Concello e outras institucións, especialmente co Servizo de Normalización Lingüística.
- Colaboración con centros educativos próximos tanto na realización de actividades, canto na coordinación da planificación lingüística das diferentes etapas educativas.

## **6.2. ACCIÓNS CENTRADAS NA CREACIÓN DE ACTITUDES POSITIVAS**

- Fuxir da identificación do uso da lingua como algo académico e curricular inseríndoas nos usos da vida cotiá.
- A través de campañas que proporcionen información e estímulos positivos para a modificación de actitudes indiferentes ou negativas.
- Organización de campañas orientadas á desaparición de prexuízos lingüísticos, entre o profesorado, o alumnado e as familias.
- Tentar divulgar unha imaxe da lingua galega centrada en argumentos modernos e vangardistas. Neste senso é fundamental asociar o seu uso á todos os avances que nos aportan as TICS.
- Preparación dunha exposición que teña como finalidade alertar sobre a precaria situación da lingua galega e procurar actitudes positivas cara á ela, en tres niveis: a sociedade en xeral, o contorno educativo, o colectivo educativo.
- Realizar carteis, adhesivos, slogans, etc, que promovan o uso do galego en todos os ámbitos.

- Facer públicos os avances no uso do galego no centro.
- Espallar entre os membros da comunidade educativa todas as novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio da lingua galega. Para elo pódese colocar un taboleiro que recolla unha selección das novas de interese. Tamén destacalas na web do centro.
- Recompilación de materiais didácticos, lingüísticos (lexicográficos e terminolóxicos) e pedagóxicos e relacionados coas TICS, para incrementar a docencia en lingua galega.
- Utilizar vídeos, cancións, películas, publicacións impresas e todo tipo de materiais que contribúan a prestixiar o uso do galego e facer desaparecer todo tipo de prexuízos.
- Proporcionar información sobre a normativa que regula o uso da lingua e en que medidas lle afecta a toda a comunidade educativa.
- Realizar charlas de todo tipo ( con escritores, sociolingüístas, personaxes públicos que utilicen a lingua), para promover a utilización social da mesma.

### **6.3. ACCIÓNS CENTRADAS NA LINGUA INGLESA**

- 
- Situar carteis que identifiquen os diferentes espazos do centro co seu nome en inglés (biblioteca, sala de profesores, aseos, ximnasio, aulas, dirección, comedor...)
- Ter en conta a lingua inglesa á hora de elaborar murais sobre datas e festividades especiais e importantes ó longo do ano.
- Dispor na biblioteca do centro dun espazo para libros en inglés (contos, dicionarios, libros de adiviñas, poemas, cancións populares...)
- Procurar, neste mesmo sentido un espazo audiovisual para materiais en inglés (películas de debuxos, discos, programas informáticos....)
- Realización de diversos paneis informativos nos que se recolla información relacionada con aspectos básicos do Reino Unido ( situación xeográfica, número de habitantes, relixión, costumes, festividades, clima, alimentación...)

## **7. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS COOFICIAIS**

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro eslabón na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, este recorrerá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte da mestra de Audición e Linguaxe se fora preciso.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

Por último, tendo en conta que practicamente a totalidade do alumnado do noso centro é castelán falante, destacar que os/as alumnos/as que descoñezan a lingua galega estarán inmersos nun contexto que non favorecerá a rápida adquisición da mesma, especialmente no plano oral. Polo tanto, as medidas a desenvolver irán encamiñadas fundamentalmente ao uso e dominio desta lingua.

## **7.1. EDUCACIÓN INFANTIL**

Tendo como obxectivo xeral a adquisición de vocabulario e a oralidade, promoveranse diversas actividades:

- Desenvolveranse actividades de carácter lúdico empregando o galego como lingua vehicular potenciando a audición en galego: contos, cancións, videos...
- Potenciaranse as visitas guiadas pola cidade e os arredores.
- Realizaranse xogos guiados en galego.
- Poranse en escena sinxelas dramatizacións que potencien a expresividade e a adquisición de vocabulario...
- Ensinaranse cancións, recitados, retáilas...

## **7.2. EDUCACIÓN PRIMARIA**

Tendo como obxectivos xerais a adquisición de vocabulario e comprensión e expresión oral e escrita de acordo con cada ciclo e nivel, promoveranse diversas actividades:

- Realizaranse lecturas guiadas.
- Farase traballo comprensivo de textos.
- Audicións de música e cancións do folclore tradicional e actual.
- Proporanse concursos de tipo vario: literarios, de lectura, dramatizacións...
- No caso de alumnado procedente do estranxeiro seguirase o protocolo establecido no Plan de acollida para o alumnado estranxeiro que figura no PEC.

## **8. ACTUACIONES DINAMIZADORAS**



Dende o claustro de mestres/as e o departamento de orientación, propiciarase todo tipo de actuacións dinamizadoras que favorezan o coñecemento, uso e práctica das distintas linguas e que se reflectirán cada ano dentro da PXA. Entre elas cabe sinalar:

- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes, prestando atención aos materiais relacionados coas TICs.
- Realización de visitas culturais e educativas para participar en actividades organizadas desde o Centro, o Concello ou outros organismos.
- Crear espazos para a exposición de materiais que se vaian facendo nas diferentes aulas.
- Realizar publicacións que recuperen informacións sobre as tradicións da zona.
- Confección e edición, se é posible, da revista escolar e outras publicacións.
- Realizacións de actividades relacionadas co xogo tradicional.
- Celebración da Semana das Letras Galegas e do Día do Libro.
- Celebración de festivais.
- Realización de actividades con respecto ás anteriores celebracións.
- Presentación de libros na biblioteca editados nos distintos idiomas ao longo do curso escolar.
- Relación cos EDL doutros centros para realizar actividades conxuntas e intercambiar experiencias.
- Participación en concursos relacionados co galego da mesma provincia.
- Desenvolvemento de actividades en torno ás festividades típicas galegas: Magosto e Entroido, Samaín,...
- Realización de actividades relacionadas cos xogos tradicionais galegos.
- Proposta de actividades de elaboración de receitas con produtos típicos galegos: caldo, cocido, orellas, filloas ...

## **9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO**

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14).

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Sé é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

Ao longo de cada curso escolar, ao rematar cada trimestre, farase un seguimento do Proxecto Lingüístico do Centro, para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan.

No mes de xuño, na Memoria anual, recollerase a avaliación do proxecto que se efectuará tendo en conta os seguintes criterios:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da comunidade educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Valoración da incidencia do proxecto na comunidade educativa.
- Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución dos obxectivos, participación, interese, ...

## ANEXO I

### **ADDENDA CURSO 2018-2019**

#### **LINGUA MATERNA PREDOMINANTE NA EDUCACIÓN INFANTIL**

O resultado das enquisas determinou que a lingua materna predominante entre o alumnado de Educación Infantil no curso 2018-2019, é o castelán nun 75%. Polo tanto esta será a lingua vehicular empregada neste nivel, sen prexuízo das indicacións feitas tanto no P.E.C., P.X.A e Programacións didácticas, para a adquisición de ámbalas dúas linguas cooficiais, e especialmente para o tratamento e uso da segunda lingua na aula, neste caso o galego.

Asemade, e seguindo as indicacións da administración ao respecto, para os restantes niveis (2º e 3º nivel do segundo ciclo de E.I.) tívose en conta a situación lingüística existente no curso anterior, no que xa fora recadada esta información nas entrevistas iniciais coas familias. Así, a lingua vehicular en 5º de Educación Infantil será o castelán e en 6º de Educación Infantil o castelán.

No tocante á aproximación á lecto-escritura, empregarase a lingua materna de cada alumno/a, agás nos casos nos que se trata de traballos de carácter grupal onde primará a lingua vehicular anteriormente indicada.

As estratexias e actividades concretas para a adquisición da outra lingua atópanse indicadas pormenorizadamente nas programacións de ciclo e de aula de Educación Infantil, así como no Proxecto educativo do centro o no propio Proxecto Lingüístico.

Para ir introducindo paulatinamente o galego, a profesora de apoio impartirá unha sesión semanal de galego e na sesión de psicomotricidade empregará como lingua vehicular o galego. A sesión de música será tamén en galego.

## **INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

Ao longo do curso pasado, así como en cursos anteriores, leváronse a cabo diferentes actividades para o fomento e dinamización da lingua galega, que están recollidas nas respectivas memorias anuais.

As actividades planificadas para este ano no fóronse realizando gradualmente e igualmente os obxectivos fixados fóronse acadando satisfactoriamente, aínda que non ó cen por cen. Na maioría

destas actividades participaron todos os alumnos e alumnas e difundíronse a toda a comunidade educativa, tratando de implicala e de atraer o seu interese polas mesmas.

1.- Con motivo da celebración do MAGOSTO, realizáronse nas aulas actividades individuais e colectivas conmemorativas desta tradición. Do mesmo xeito fixéronse actividades en relación ca estación do outono na que nos atopabamos. A celebración do magosto foi pola tarde, e ademais do propio magosto, co reparto de castañas, realizáronse actividades a modo de circuío polo que pasaban os diferentes grupos, parando en distintas postas, onde realizaban un xogo tradicional distinto, para rematar todos con cantigas e caras pintadas.

2.- CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL. Participaron todos os alumnos e alumnas, as postais expuxéronse no corredor da planta baixa e a postal gañadora enviouse como felicitación ás familias. Tamén se realizaron en galego cartas ós Reis Magos.

3- No ámbito do emprego das TICS COMO MEDIO DE USO DO GALEGO, elaboráronse materiais para traballar coa pizarra dixital en todas as áreas e en todos os niveis. Tamén se fomentou o uso de actividades atopadas na web, dispoñibles en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas para elaborar recursos como: Ardora, Javaclie, phpwebquest, Jclie...

4.- Conmemoración do DÍA DAS LETRAS GALEGAS, realizando varias actividades de conmemoración desta data e do autor homenaxeado entre as que destaca a preparación de murais e actividades plásticas diversas, así como a lectura de relatos do autor.

5- Talleres de difusión de XOGOS TRADICIONAIS GALEGOS e aprendizaxe sobre os mesmos.

Este Proxecto Lingüístico foi aprobado en Consello Escolar celebrado en A Veiga, a 12 de xuño de 2019.

O responsable de centro

Asdo: Breixo Nóvoa Domínguez

## X) PLAN DE CONVIVENCIA

### XUSTIFICACIÓN

O saber convivir cos demais debe ser un dos obxectivos fundamentais do proceso educativo. Dende as familias e dende o sistema educativo débense poñer as bases para construír unha sociedade máis pacífica, solidaria e democrática. O centro educativo é un espazo onde compartir vivencias xuntos. Alumnos e alumnas, profesoras e profesores e nais e pais deben aprender a convivir, resolvendo os conflitos que se presenten de xeito participativo.

O Plan de Convivencia é un documento que serve para concretar a organización e o funcionamento do Centro en relación coa convivencia e establecer as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar, os obxectivos específicos a alcanzar, as normas que o regularán e as actuacións a realizar nese ámbito para a consecución dos obxectivos que se pretenden acadar.

O enfoque da convivencia no Centro ten sempre un enfoque construtivo e positivo, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenrolo de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver os conflitos a través da participación e tendo en conta sempre a prevención dos problemas de conduta. Para elo elaborouse unha normativa que regulará o bo funcionamento do colexio.

A proposta educativa do Centro é a de promover unha actitude de participación do alumnado mediante o diálogo, o respecto e a comunicación para solucionar calquera conflito.

Pretendemos desenrolar nos alumnos/as valores e habilidades de comunicación e de relación social. É inevitable que xurdan problemas de convivencia xa que estes son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos.

As actitudes que haberá que fomentar deberán basearse nas **Normas de Convivencia do Centro**, que se procurarán revisar e actualizar cada curso, segundo as necesidades que vaian xurdindo.

Fomentaremos valores coma a **igualdade, a xustiza, a autoestima, a empatía, a tolerancia, a comunicación, a colaboración, a liberdade, o respecto, a aceptación da diversidade...**

## **1. DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA**

### **1.1. O centro e o seu entorno**

#### **1.1.1. Características do centro**

O CEIP Eduardo Ávila Bustillo é un centro rural situado na vila da Veiga, ao que asisten alumnos e alumnas que proceden de pobos diversos da zona, así como da propia vila. Ao ser un lugar pequeno, conta con boas comunicacións e permite o acceso aos vehículos de transporte sen perigo. Moi preto conta con varias áreas de espaxamento e espazos naturais que visitar, coma as praias fluviais, cántaras, construcións históricas...

O nivel socio-económico das familias pode situarse nun nivel baixo, aínda que hai algo de diversidade. Segundo as enquisas que se fixeron, a maioría dos pais e nais teñen estudos medios, os menos superiores e nalgún caso non teñen estudos básicos. Practicamente todos os nenos e nenas dispoñen no seu fogar dun lugar propio de estudo; en todas as casas hai libros, aínda que non se teña o hábito lector e hai moi poucos fogares sen ordenador. O ambiente familiar e económico é polo xeral estable, sen grandes conflitos, o que inflúe positivamente na tarefa educativa e nas relacións coa escola, se ben é certo que moitos dos alumno/as non teñen unha convivencia diaria cos pais e nais (separacións, falecemento de pais...) Cómpre destacar que hai algunhas familias afectadas pola situación laboral adversa.

O tipo de familia do alumnado é de ambiente rural. Por norma xeral traballa un dos dous proxenitores. Existe unha porcentaxe a ter en conta, para o número de alumnado do centro, de familias monoparentais e/ou de familias formadas polos fillos e irmáns e pais non biolóxicos. A asistencia ás reunións colectivas é bastante numerosa e a maioría entrevístanse coas titoras con frecuencia e responden cando son citados.

Só hai un alumno inmigrante, que se incorporou ao centro educativo este curso procedente de Colombia. Este alumno está plenamente integrado e non crea ningún problema de convivencia que sexa necesario destacar.

### **1.1.2. Recursos materiais e humanos**

O CEIP Eduardo Ávila Bustillo consta dun edificio principal de dúas plantas, se ben a planta superior está en desuso e inutilizada polas súas malas condicións e perigosidade.

Na planta baixa do edificio localízanse todas as aulas e espazos nos que se desenvolve o día a día do Centro: a sala de mestres, a aula de informática, as aulas de Educación Primaria (2) e Educación Infantil (1), as aulas de Música e Plástica, o comedor escolar, o despacho de Dirección, a Biblioteca, unha aula compartida para A.L. e Relixión e un pequeno almacén. Tamén temos un ximnasio cuberto para as sesións de Educación Física e os aseos, tanto do alumnado coma dos mestres e mestras.

O Claustro de Profesores e Profesoras conta con 3 mestres a xornada completa no Centro. Deles, so un é definitivo no Centro e os outros dous interinos/as. A maiores atopamos no noso centro dúas mestras itinerantes, a de Audición e Linguaxe que está tres días no noso colexio como seu centro base, e a de Relixión Católica, que ven os venres. A Orientadora mantén co claustro de mestres reunións periódicas cada mes para facer un seguimento dos casos que se comentan en citas anteriores. Debido ás características do Centro, non temos equipo directivo, se non un responsable de centro que é o mestre de Lingua Estranxeira, o único con destino definitivo.

O noso centro vén funcionando con unha unidade de Infantil e outra de Educación Primaria.

### **1.2. Situación actual de convivencia**

As actuacións no centro van encamiñadas a promover o desenvolvemento integral das persoas procurando que desenrolen comportamentos axeitados para unha



boa convivencia, creando actitudes positivas e resolvendo os conflitos a través do diálogo.

O alumno de procedencia estranxeira (Colombia) estase integrando sen ningún problema.

Na actualidade o clima de convivencia é bo. Non hai grandes conflitos, só algún problema esporádico que se resolve fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor. Os conflitos máis frecuentes son: insultarse uns a outros, poñerse “alcumes”, algunha pequena pelexa á hora do recreo, non facer as tarefas escolares, pequenos danos no material ou nas instalacións, chegar algún día con retraso ...

Os problemas que aparecen nas relacións co alumnado son basicamente:

- falta de puntualidade.
- pequenas pelexas no patio.
- faltas de respecto aos compañeiros e compañeiras.
- posibles caos de acoso escolar ( protocolo de acoso escolar)
- falta de socialización dalgún alumno ou alumna.

A relacións profesor-alumno son respectuosas sempre, salvo situacións moi puntuais, nalgunhas ocasións faise necesario “facer visible“ a barreira que os separa.

- disrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros/as...

- distraccións e falta de atención.
- esquecer o material de clase.

A relación coas familias é boa na grande maioría dos casos, aínda que podemos apuntar que nos gustaría unha maior implicación no proceso educativo dos seus fillos e fillas por parte de algúns.

As relacións entre o profesorado son excelentes.

### **1.2.1. Respostas do centro a estas situacións**

Son os titores e titoras os encargados de resolver estes pequenos conflitos. Ao inicio do curso os titores e titoras expoñen as normas que van rexer na súa aula e que son necesarias para a boa marcha da clase. Os pais e nais son informados permanentemente dos conflitos. Se estes son de certa entidade infórmaselles no momento, senón nas entrevistas que os pais e nais manteñen periodicamente co profesorado. Estes conflitos aproveítanse para ir formando ao alumnado no respecto aos demais.

O Responsable de Centro apoia este labor reforzando as medidas disciplinarias aplicadas.

Se xorde algún problema, séguense os seguintes procedementos:

1. Falar cos alumnos/as implicados/as.
2. Intentar aclarar as cousas.
3. Se a situación é de pelexa ou insulto, facer as paces e pedirse perdón.
4. Segundo a gravidade:
  - Amoestación só.
  - Medidas complementarias, como facer unha redacción ou debuxo sobre o conflito e proñoer medidas (dependendo do curso do alumno/a)
5. Chamar aos pais/nais e poñelos ao corrente do sucedido.
6. Se é máis grave ou seu mal comportamento e reiterativo, poñeranse en marcha outros procedementos recollidos na lexislación.

### **1.3. Relación coas familias e coas institucións**

A colaboración e o diálogo cos pais e nais son continuos. Estes acoden, por regra xeral, ao centro con moita frecuencia e a colaboración é excelente. Nas reunións que cada

titor/a celebra ao comezo de cada curso trátase o tema da convivencia, do respecto aos demais e da educación cívica.

As relacións coas institucións do noso entorno, ao ser un lugar pequeno e onde todo o mundo se coñece, son moi enriquecedoras e produtivas, sempre adoptando unha actitude colaboradora e de respecto mutuo. Así pois, son varias as colaboracións realizadas dende o centro educativo:

Co Concello, que colabora con diversas propostas de actividades extraescolares que se imparten no colexio, así como talleres e xornadas para pais e nais do alumnado. Son eles os encargados do mantemento básico do Centro cando hai algún problema e amósanse colaboradores en todo canto se lle pide. A súa principal relación co colexio dáse no Consello Escolar por medio do seu representante no mesmo.

Coa ANPA, asumindo distintas finalidades, como asistir aos pais e titores en todo aquilo que concirne á educación dos seus fillos e fillas, colaborando nas actividades educativas do Centro e facilitando a representación e participación de pais e nais de alumnos/as no Consello Escolar.

Co IES Carlos Casares, de Viana do Bolo, instituto ao que estamos adscritos.

Con diferentes institucións, coma a Biblioteca Municipal da Veiga ou a residencia de anciáns, cos que colaboramos en ocasións especiais e celebracións diversas (Día do Libro, Entroido, Nadal...)

#### **1.4. Experiencias realizadas no centro con relación á convivencia**

Este centro vén traballando actitudes que favorecen a convivencia como parte do currículo, por iso elaboramos un listado de actitudes que favorecen a convivencia:

**[?] Difusión** dos dereitos e deberes dos alumnos e que son traballados por cada titor na súa aula.

**[?] Énfase especial** en atallar calquera manifestación **xenófoba**, **sexista** ou **racista** que poda darse no centro.

Celebración do **Día da paz**.

**Prevención** da violencia mediante o fomento de habilidades sociais e comunicativas, utilizando técnicas de resolución de conflitos e desenrolando a intelixencia emocional.

Nas **saídas complementarias e extraescolares**, excursións, convivencias é onde principalmente se pode fomentar, ver, analizar, previr... as relacións entre iguais.

## **2. ACTITUDES QUE FAVORECEN A CONVIVENCIA**

Sé educado e amable: Saúda sempre.

Pide as cousas por favor e dá as grazas, tanto se te dirixes aos profesores como aos teus compañeiros/as.

Acostúmate a ceder o paso aos demais, sobre todo aos adultos.

Aprende a ceder a palabra aos demais. Todos teñen cousas que aportar, e dialogar é moi importante. escoita sen berros, espera a que os demais terminen de falar e non trates de ter sempre razón posto que cada un ten o seu punto de vista e aprenderás moito dos demais.

Busca sempre facer amigos respectando a súa maneira de ser.

Colabora cos compañeiros e se xurde algún problema trata de resolvelo dialogando.

Aprende a perdoar e a pedir desculpas. Sentiraste mellor.

Trata de estar alegre e ser optimista. Se o pensas ben seguro que atopas moitos motivos para estar contento/a.

## **3. OBXECTIVOS A CONSEGUIR E ACTITUDES QUE PRETENDE FAVORECER O PLAN DE CONVIVENCIA.**

A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas e medidas disciplinarias.

A vida en común da lugar a conflitos normais nas relacións entre iguais, pero cando sexa necesaria unha corrección ou sanción, esta terá sempre unha **finalidade formativa**. A disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos e conceptuais.

Por lo tanto este plan pretende:

2. Fomentar a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que favorezan esta integración.
3. Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz.
4. Efectuar un diagnóstico preciso da realidade escolar no terreo da convivencia e elaborar propostas de actuación.
5. Promover a participación das familias no labor educativo asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden.
6. Desenvolver habilidades sociais de comunicación e resolución de conflitos.
7. Traballar coas normas de convivencia no centro e adaptalas aos distintos niveis de idades do alumnado.
8. As actitudes a desenvolver deberán basearse nas seguintes Normas de Convivencia:
  - a) Cumprir e respectar os horarios.
  - b) Seguir as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
  - c) Respectar o dereito ao estudo e a aprendizaxe dos seus compañeiros/as.
  - d) Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas, así como a dignidade, a integridade e a intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

e) Non discriminar a ninguén por razóns de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

f) Coidar correctamente as instalacións do centro e respectar as pertinencias dos membros da comunidade educativa.

### **3.1. Actividades previstas para a consecución dos obxectivos sinalados**

Con carácter xeral, intentarase realizar cada curso escolar as seguintes actividades:

a) Debate e discusión das Normas de Convivencia en cada titoría.

b) Elaboración en cada clase das normas que van rexer a marcha da clase, baseadas nas normas xerais de Convivencia do Centro.

c) Información ás familias sobre as normas de funcionamento do centro.

d) Control de puntualidade e absentismo, informando puntualmente tanto ao responsable de centro como ás familias.

e) Traballar en cada titoría a forma de proceder para evitar que se dea maltrato, acoso ou intimidación entre iguais.

f) Avaliar e debater en cada titoría, polo menos unha vez ao mes ou sempre que se considere oportuno, a marcha da convivencia e todo aquilo que potencie as boas relacións de grupo.

g) Fomentar valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica...

## **4. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN**

### **4.1. Condutas GRAVEMENTE prexudiciais para a convivencia no centro**

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- k) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei de convivencia cando se é requirido para iso polo profesorado.
- l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

#### **4.2. Serán condutas LEVES contrarias ás Normas de Convivencia:**

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na liña a), os actos de discriminación da liña b), os actos de indisciplina da liña c), os danos da liña g), os actos inxustificadas da liña h) e as actuacións prexudiciais descritas na liña i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa liña k) do artigo anterior.

c) A ausencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

#### **4.3. Medidas correctoras das condutas leves contrarias ás Normas de Convivencia**

As correccións que haxan de aplicarse polo incumprimento terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto dos alumnos e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa:

a) A amoestación privada e verbal do profesor, do titor ou do Responsable de Centro e o compromiso de modificación da súa conduta.

b) A amoestación do profesor, do titor ou do Responsable de Centro e comunicación aos pais ou tutores.

c) Quedar sen recreo. Neste caso, programaranse actividades para realizar durante o recreo.

d) Realización de tarefas colaborativas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, se procede, dirixidas a reparar o dano



causado ás instalacións ou ao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa, ou que contribúan a reparar o dano causado ou repoñer o material do centro.

- e) Rectificación pública cando proceda.
- f) Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e/ou extraescolares.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Esta medida será tomada polo Consello Escolar. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Para os efectos da gradación das correccións:

Considéranse circunstancias **paliativas**:

- a) Recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
- b) A falta de intencionalidade.

Considéranse circunstancias **agravantes**:

- a.
- b) Causar dano, aldraxe ou ofensa aos compañeiros de menor idade.

#### **4.4. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia: Expediente disciplinario**

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: **conciliado ou común**.

Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes.

As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o **procedemento conciliado**. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

O **procedemento conciliado** non procederá nos seguintes casos:

- a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

As **condutas gravemente contrarias ás Normas de Convivencia do centro serán corrixidas** con medidas que imponha o **Consello Escolar**, seguindo as instrucións que fixe a lexislación vixente (LEY 4/2011 e DECRETO 8/2015).

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poden ser corrixidas coas seguintes **medidas**:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

#### **4.5. Mediación escolar**

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III deste decreto, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

#### **4.6. Faltas de asistencia**

a.

b) Os pais ou nais deberán xustificar e informar sobre o motivo das faltas do seu fillo/a ao titor/a, sendo suficiente unha chamada telefónica.

c) Se un alumno/a ten necesidade de abandonar o centro en horario lectivo farao acompañado por unha persoa adulta, previo permiso do titor/a ou profesor/a e despois de asinar un xustificante.

#### **4.7. Saídas de clase**

A exclusión do alumnado das aulas constitúe un recurso excepcional, tan só xustificable en beneficio do bo clima de traballo dos compañeiros do seu grupo. Nestes casos farase cargo do alumno/a expulsado un profesor que nese momento estea libre. O Responsable de Centro debe ser informado e, despois de escoitar ao alumno/a, imporá unha sanción acorde coa falta e esixiralle un compromiso de modificación da súa conduta. Tamén informará aos pais e nais dos feitos, das actuacións levadas a cabo e dos resultados conseguidos.

##### **4.7.1. AULA DE CONVIVENCIA**

Para estes casos funcionará a aula de convivencia, que se situará na biblioteca escolar por non dispor no centro dun espazo adecuado para esta finalidade.

Será atendida por un mestre/a de garda que será asignado nun calendario de quendas que a tal efecto se colgará no taboleiro da sala de mestres.

O obxectivo da Aula de Convivencia é converterse nunha alternativa á exclusión da aula para aqueles alumnos e alumnas sancionados con esta medida. Preténdese favorecer un proceso de reflexión, por parte de cada alumno ou alumna que sexa atendido na mesma, acerca das circunstancias que motivaron a súa presenza nela. O obxectivo prioritario sería, pois, que os alumnos e alumnas comprendan o alcance para si mesmos e para os demais das súas condutas e, sobre todo, que aprendan a facerse cargo das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais. Este proceso aumenta as habilidades de pensamento reflexivo e de autocontrol, á vez que lles proporciona un espazo para a análise das súas propias experiencias e a busca dunha resolución efectiva dos conflitos interpersoais.

Temos que ter en conta que a aula de convivencia non é un lugar onde vaian os castigados/as ou de “almacenaxe” de alumnos/as. É un espazo para axudalos a mellorar o seu comportamento e adquirir uns valores sociais e cívicos adecuados para a súa idade.

#### **OBXECTIVOS DA AULA DE CONVIVENCIA .**

- Mellorar as relacións persoais.
- Amortecer os conflitos, neutralizalos mediante a súa análise e a presentación de alternativas.
- Reconstrución da autoestima.
- Mellorar o clima de clase.
- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo elo ao desenrolo das clases.
- Contribuír a desenrolar actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- Posibilitar que o alumno ou alumna se sinta competente emocionalmente e na realización de certas tarefas.

- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol.
- Resolver os conflitos de maneira pacífica dende o diálogo e a reflexión.

### **ACCIÓNS NA AULA DE CONVIVENCIA .**

O profesorado a cargo da Aula de Convivencia, falará co/coa alumno/a , reflexionando sobre o acontecido. O/a titor/a porá as tarefas correspondentes, para que non se atrase curricularmente.

### **PROTOCOLO ASISTENCIA Á AULA DE CONVIVENCIA**

Como norma xeral levarase a cabo seguinte Protocolo:

Débense ter en conta os fins da Aula de Convivencia, levando unicamente a ela aqueles casos que afecten de maneira directa a conflitos de convivencia. NON estando incluídos dentro destes os castigos “rutinarios” (A Aula de Convivencia non é un caixón de xastre, TEN UNS FINS DETERMINADOS) .

Tratarase o tema dende a titoría correspondente, intentando resolver o conflito dentro da propia acción titorial, esgotando todos os recursos posibles para que o caso no vaia a máis.

A asistencia á Aula de Convivencia deberá ser consensuada co Responsable de Centro sempre que sexa posible, e debería ter información dos motivos que preceden no conflito para poder pensar na Aula de Convivencia como recurso.

### **Documentación da aula de convivencia**

A aula de convivencia contará coa seguinte documentación:

- Ficha para control de asistencia do alumnado
- Comunicación aos pais/nais.

### **Materiais para a aula de convivencia**

- Fichas de auto-reflexión e compromisos (compromiso de reparación de danos a persoas, compromiso de reparación de danos ao material, e revisión do compromiso anterior)

#### **4.8. Rexistro de condutas contrarias á convivencia escolar.**

Para rexistrar as condutas negativas empregaranse dous sistemas:

a. **Rexistro de condutas:** neste rexistraranse todas aquelas condutas contrarias ás normas de convivencia que mostren os alumnos/as tanto na aula como noutras instalacións do centro. As condutas serán rexistradas polo mestre/a encargado da atención dos alumnos/as.

b. **Parte de incidencias:** No parte de incidencias anotaranse as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro, así como unha reiteración (3 nun mes) de condutas contrarias ás normas de convivencia que aparezan no rexistro de condutas. O parte de incidencias cubrirá o mestre/a e levará a firma do alumno/a, quedando constancia da conduta e da súa aceptación por parte do alumno/a.

### **5. NORMAS DE CONVIVENCIA**

#### **5.1. Normas xerais de convivencia:**

- a.
- b) Non poderán impoñerse sancións contrarias á integridade física e á dignidade do alumno/a.
- c) Na imposición das sancións previstas, respectarase a proporcionalidade coa correspondente falta e deberá contribuír á mellora no proceso educativo do alumno/a.

#### **5.2. Normas das Aulas**

##### **5.2.1. Normas de convivencia de educación infantil**

#### **NORMAS DE ACTUACIÓN**

- a) Saudar ao entrar e saír da clase.

Dialogar. Vivenciar distintos tipos de saúdos. Aos reincidentes mandaráselles saír e saudar ao entrar.

b) Respectar a quenda de palabra.

Pedirlle que pense o que puiden pasar se todos falamos á vez. Se o fai para chamar a atención cambiaráselle de lugar algúns minutos.

c) Compartir os materiais e xoguetes en cada actividade.

Guialo para que fale de como se ten que sentir o neno/a que quedou sen o xoguite que quería.

d) Coidar os materiais comúns.

Dialogar e vivenciar a situación (clase onde non se ordena nin coida nada). Non ser responsable un día.

e) Non pelexar na fila.

Recordar como se debe saír e entrar na fila. Se o realiza por hábito, que saia e entre ese día o último.

f) Nos xogos espontáneos non excluír a ningún compañeiro.

Sacar do neno/a o seu propio punto de vista do problema de forma non acusatoria. ¿Que aconteceu? ¿Por que fixo iso?

g) Pedir as cousas "por favor" e dar "as grazas".

Repetir o mestre ou mestra, as veces que sexa necesario. Por imitación os nenos/as empezarán a pedir as cousas "por favor" e a dar "as grazas"

h) Recoller e ordenar os materiais e xoguetes utilizados.

Esperar a quenda e colaborar para que ao recoller os xogos fágase con orde e sen pelexas.

i) Respectar o traballo do compañeiro /a nas tarefas colectivas e individuais.



Dialogar con el ou ela. Se algún neno/a estraga con intención o traballo en equipo, quedará sen participar na próxima actividade.

### **5.2.2. Normas de convivencia en Educación Primaria**

- a) Asistir a clase con puntualidade.
- b) Participar nas actividades de clase activamente, cada un na medida das súas posibilidades.
- c) Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da comunidade educativa: profesores, compañeiros...
- d) Utilizar correctamente todas as instalacións do centro.
- e) Respetar o clima de traballo, sobre todo en cambios de clase e desprazamentos
- f) Asistir a clase ben aseado.
- g) Evitar palabras e xestos que poden ofender a outras persoas.
- h) Aprender a compartir o material.
- i) Ser responsable no estudo e facer as tarefas de casa.
- j) Utilizar en clase un ton de voz suave e respectar a quenda de palabra.

### **ACTUACIÓN**

- a) Dialogar co alumno/a para que comprenda as consecuencias da súa actuación.
- b) Estar en estreito contacto cos pais.
- c) Mandarlle facer unha pequena copia.
- d) Baixar ao recreo sen participar no xogo.
- e) Repoñer o material estragado por mal uso.

## **6. PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS**

O centro actuará conforme aos protocolos e programas específicos establecidos pola consellería de educación os cales están a disposición de toda a comunidade educativa:

Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

Protocolo de absentismo escolar.

Protocolo de consenso sobre TDAH.

Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica.

Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.

## **7. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

Será a Comisión de Convivencia quen en primeira instancia realizará o seguimento e a elaboración do Plan. Así mesmo o Consello Escolar participará no seguimento e avaliación do Plan, pois analizará os informes que elabore a Comisión de Convivencia. Unha copia de cada informe e as conclusións que do seu estudo elabore o Consello Escolar será enviada á Inspección Educativa.

Entre os ámbitos e criterios desta avaliación podemos destacar:

- En relación co contorno social: relacións centro educativo-institucións do contorno; relacións familia-institucións do contorno; oferta de formación e ocio das institucións do contorno; plans de mellora da convivencia social...
  
- En relación co contorno familiar: relacións centros-familias; canles de comunicación e de información; participación das familias; espazos e tempos dedicados á relación; estilos educativos das familias; formación das familias...

- En relación co contorno escolar: espazos, instalacións e mobiliario do centro; clima de convivencia no centro, nas aulas, nos recreos, cambios de clase...; normas de convivencia do centro e da aula; relacións entre os membros da comunidade educativa; medidas para previr conflitos e formas de resolución; resposta educativa á diversidade...

O Responsable de Centro garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa.

Logo da avaliación do plan de convivencia e en vista dos resultados acadados, o Responsable de Centro, xunto coa comisión de convivencia, arbitrará un procedemento para que os demais estamentos do centro realicen as propostas de mellora que consideren pertinentes para incluír na memoria final.

A comisión de convivencia, ao final de cada curso, elaborará a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

O consello escolar, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará ó final de cada curso escolar a memoria do plan de convivencia elaborada pola comisión de convivencia. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

### **7.1. Infraestruturas e recursos.**

A Comisión de Convivencia do CEIP Eduardo Ávila Bustillo disporá dos medios necesarios para o desenrolar o seu labor e resolver calquera conflito que xurda no centro.

### **7.2. Periodicidade de reunións:**

A Comisión de Convivencia do CEIP Eduardo Ávila Bustillo reunirse unha vez ao trimestre para elaborar un informe no que debe recoller as incidencias producidas neste período, as medidas que se tomaron e os resultados acadados. Tamén se reunirá cada vez que sexa necesario por temas disciplinarios.

A convocatoria destas reunións deberá ter en conta a dispoñibilidade de todos os seus membros coa fin de facilitarlle a asistencia ás reunións

### **7.3. Información das decisións:**

O Claustro de Profesores será informado das decisións que se tomen e así mesmo iranse incorporando as decisións tomadas polos titores/as.

### **7.4. Coherencia na aplicación das normas:**

A Comisión de Convivencia garantirá que as normas se apliquen de forma xusta e coherente, cunha finalidade educativa.

Este Plan de Convivencia foi aprobado polo Consello Escolar celebrado en A Veiga, a 12 de xuño de 2019.

O responsable de centro

Asdo: Breixo Nóvoa Domínguez